XUNTA DE GALICIA

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA VAL DO ASMA (Chantada) 27003175

Val do Asma Lugo chantada

# Plan Xeral de Atención á Diversidade - 

# IES VAL DO ASMA

# ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN.
2. MARCO LEGAL.
3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.
4. OBXECTIVOS.
5. MEDIDAS DE APOIO E ÁMBITOS DE ACTUACIÓN.
   5.1. Medidas ordinarias de atención á diversidade.
   5.2. Medidas extraordinarias de atención á diversidade.
6. IMPLEMENTACIÓN:
   6.1. Criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas.
   6.2. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos.
   6.3. Canles de colaboración coas familias e cos diferentes servizos externos ao centro.
7. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:
   - ADAPTACIÓNS CURRICULARES.
   - APOIO DO PT
   - 2ª LINGUA ESTRANXEIRA
   - EXENCIÓN LINGUA GALEGA
   - PROGRAMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL BASICA.
   - PROGRAMA DE MELLORA DO APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO.
   - GRUPO DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR
   - GRUPO DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS
   - FLEXIBILIZACIÓN
   - AGRUPAMENTO ESPECÍFICO
8. SEGUEMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.
9. CONCLUSIÓN.
10. ANEXOS

ANEXO I: Documento Individual de Adaptación Curricular.

ANEXO II: Autorización Familias Medidas de Atención á Diversidade.

ANEXO III: Exención 2ª Lingua Estranxeira.

ANEXO IV: Plan de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento.

ANEXO V: Programas de Habilidades Sociais.

ANEXO VI: Protocolo da Aula Convivencia Inclusiva.

ANEXO VII: Protocolo Educativo para a Prevención e o control do Absentismo Escolar.

## 1.- XUSTIFICACIÓN:

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se concretan tódalas actuacións e medias de atención á diversidade que un centro educativo deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa as necesidades da totalidade do seu alumnado.

A importancia e necesidade de este documento dedúcese directamente da LOE (2006) xa que nesta recoñécese a diversidade como unha realidade social derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno/a, de cada familia e cada un dos profesores/as, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada un dos alumnos/as, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

No noso sistema educativo concíbese a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todo o alumnado. Por elo este Plan Xeral de Atención á Diversidade formará parte do P.E.C.

Por todo iso, atender a unha maior heteroxeneidade de capacidades, motivacións e intereses, ou o que é o mesmo, dar unha resposta educativa persoal e adaptada a cada un dos alumnos/as que se escolarizan nos diferentes grupos, constitúe a finalidade á que se encamiñan as medidas de apoio recollidas neste plan.

## 2.- MARCO LEGAL

Para deseñar este Plan de Atención a Diversidade tomamos como referencia o seguinte marco lexislativo:

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación que establece o novo marco no que se

van desenvolver todas as accións educativas, incluída a orientación. Polo que a través das nosas actuacións contribuiremos a garantir os principios básicos da devandita lei: Educación de calidade, Equidade no seu reparto e Esforzo compartido por toda a comunidade educativa.

- Decreto 120/ 98 do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 27/4/98).

- Orde do 24/ 7/ 98 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 31/ 7/ 98).

- Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos cetros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Circular 18/2007 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidades para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e innovación Educativa, pola que se ditan instruccións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da ESO e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Resolución do 24 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e innovación Educativa, pola que se ditan instruccións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2018/19.

## 3.- DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES

Cando nos plantexamos a elaboración do Plan de Atención á Diversidade é preciso facer unha detección de necesidades, que indique que aspectos debemos potenciar e que recursos son necesarios para atendelas. Tendo en conta que debemos partir dun análise en profundidade dos diversos documentos de planificación e organización cos que contamos no centro:

1. Proxecto Educativo de Centro que se está renovando.
2. Regulamento de Réxime Interno
3. Proxecto Curricular, en cuxa elaboración participou o Departamento de Orientación; incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, nos principios de avaliación formativa e nos criterios de promoción.
4. Plan de Convivencia Escolar, elaborado polo Departamento de Orientación coas achegas de titores e titoras. Un documento que será revisado tódolos cursos académicos coa finalidade de asústalo as demandas que vaian xurdindo.
5. Plan de Integración do alumnado Inmigrantes, que inclúe un plan de acollida para ditos alumnos/as, elaborado polo D.O. coa colaboración de diversos membros do equipo de profesores.
6. Tamén é preciso ter en conta a ubicación do I.E.S. Val do Asma, xa que está situado no Concello de Chantada; é dicir, nunha zona semirural, sendo o sector primario é o principal medio de vida. O nivel económico da zona é medio.

Aínda que moitas necesidades xa foron detectadas en cursos anteriores, será necesario que dentro das nosas actuacións sigamos adicando un espazo importante do noso tempo á detección de novas necesidades que vaian xurdindo, sobre todo pola incorporación de alumnado novo, empregando para tal fin as seguintes estratexias:

- Entrevistas/reunións formais e informais cos diferentes membros da comunidade educativa: profesorado, especialmente titores/ titoras, pais/nais e alumnos/as.

- Revisión de informes psicopedagóxicos do alumnado de nova incorporación.

- Entrevistas cos orientadores dos centros de procedencia do alumnado para recoller información.

- Análise dos cuestionarios iniciais dirixidos ao alumnado a principios de curso.

- Análise das probas psicopedagóxicas realizadas dende o Departamento de Orientación ao alumnado de nova incorporación.

- Entrevistas cos distintos membros do Equipo Directivo.

- Conversas informais co profesorado, especialmente coa mestra de Pedagoxía Terapéutica.

- Reunións cos titores.

- Entrevistas coa Educadora Familiar do concello de Chantada para coordinar actuacións con alumnos/as que soliciten a súa axuda.

- Reunións coa mestra de P.T. para revisar informes de alumnos con dificultades de aprendizaxe, análise das propostas de medidas de atención a diversidade do alumnado de nova incorporación ó centro, análise dos informes individualizados dos alumnos con dificultades de aprendizaxe, análise do seguimento realizado ó final do curso pasado do alumnado con medidas de atención á diversidade.

- Análise e revisión da Memoria do D.O. do curso pasado.

- Percepción do clima do centro por parte dos diferentes membros do Departamento de Orientación.

A nivel xenérico as **necesidades** máis importantes detectadas son:

→ RELATIVAS AO ALUMNADO:

- Necesidade de apoio psicopedagóxico por parte do profesorado, titor/a e Departamento de Orientación ao alumnado con algún problema (persoal, familiar, social, etc) que repercute no ámbito educativo (desenvolvemento da clase, convivencia na aula, etc).

- Necesidade de valoración psicopedagóxica ao alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo.

- Necesidade de revisión ou actualización das ACS xa feitas, e elaboración de novas ACS.

- Necesidade de realizar o seguimento do alumnos con ACS.

- Necesidade de realizar o seguimento do alumnado de PMAR e Formación Profesional

Básica, así como o alumnado que acude a aula de apoio.

- Necesidade de orientación académica axeitada, destinada tanto ao alumnado que vai acadando os obxectivos como aquel outro que prevemos non vai conseguir acadar o título.

- Necesidade de fomentar a educación en valores no alumnado: habilidades sociais e de comunicación, a tolerancia, a igualdade de xénero, a solución de conflitos de xeito pacífico,..

- Necesidade de promover o traballo en grupo e de facilitar, de modo moi especial, o desenvolvemento da competencia de aprender a aprender.

- Necesidade de realización dun plan de apoio cando xurdan problemas de adaptación social.

- Necesidade de mellorar as técnicas de estudo: lectura comprensiva, resumos, etc.

- Necesidade de atención persoalizada ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe ou problemas de interacción social.

- Necesidade de "acoller" o alumnado que inicie a súa escolarización no sistema educativo español no noso centro e facilitarlle unha resposta educativa axeitada as súas necesidades académicas e emocionais.

→ RELATIVAS AO PROFESORADO:

- Necesidade de asesoramento ao profesorado á hora de tratar ao alumnado con algunha problemática, prestando unha especial atención aquelas que teñen que ver coas relacións social e o desenvolvemento afectivo.

- Necesidade de asesoramento en medidas de atención á diversidade, en particular acerca do PMAR e Programa de formación profesional básica.

- Necesidade de asesoramento ó profesorado sobre á Atención a Diversidade.

- Necesidade de colaboración coa profesora de P.T. na atención ó A.C.N.E.A.E.

- Necesidade de colaboración no desenvolvemento de medidas educativas necesarias para a aprendizaxe do alumnado procedente do estranxeiro.

- Necesidade de colaboración co profesorado no deseño, desenvolvemento e seguimento das medidas de atención a diversidade que existen no centro.

→ RELATIVAS ÁS FAMILIAS:

- Necesidade de colaboración, implicación e preocupación dos pais/ nais no proceso educativo, que non se limiten a ser meros espectadores.

- Necesidade de aplicar o procedemento de actuación coa familia e alumnado que presenta problemática especial, implicándose o profesorado e especialmente o titor/a co asesoramento do Departamento de Orientación, así como a Educadora Familiar do Concello.

- Necesidade de apoio e asesoramento ao alumnado, familia e profesorado para afrontar os momentos escolares de maior dificultade e indecisión.

- Necesidade de informar, orientar ós pais tanto no que se refire ó desenvolvemento académico dos alumnos/as, como nas saídas académicas dos seus fillos/as o rematar cada unha das etapas educativas que se imparten no centro.

- Necesidade de informar as familias dos alumnos/as procedentes do estranxeiro sobre o noso sistema educativo.

→ RELATIVAS O CEIP ADSCRITO:

- Necesidade de intercambiar información entre o I.E.S. e o CEIP adscrito sobre ó alumnado que se incorpora o noso centro neste curso académico.

- Necesidade de coordinarse para a organización da xornada de acollida que se celebrará no I.E.S.

Convén sinalar que aínda que se fixo unha análise xenérica do contexto e detectáronse unha serie de necesidades, ao longo do curso irán xurdindo outras, e todas elas será necesario analizalas máis detidamente e en maior profundidade para poder dar a resposta educativa máis axustada posible.

Tanto para a detección de necesidades como para poñer en marcha o Plan Xeral de Atención á Diversidade é preciso a colaboración do equipo docente e en xeral de toda a comunidade educativa, sen ela o desenvolvemento do Plan quedaríase só nun intento.

**Outros datos de interese son:**

- Número de profesores: 44

- Orientadora: 1

- Profesores de Pedagoxía Terapéutica: 1

**E.SO.**

- 1º E.S.O.
- 2º E.S.O. e un grupo de PMAR
- 3º E.S.O e un grupo de PMAR
- 4º E.S.O.

**PROGRAMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA**

**BACHARELATO (Modalidade de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais).**

**CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO**

C.M. Electromenácina de vehículos automóbiles

**CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR**

C.S. Administración e Finanzas

**FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL:**

- CFGS Administración e Finanzas.
- CFGS Desenvolvemento de aplicacións web.
- CFGS Axencia de viaxes e xestión de eventos.

**4.- OBXECTIVOS DO PLAN:**

Coa finalidade de garantir unha atención a diversidade, no noso centro, axeitada e acorde coa lexislación vixente; o presente Plan Xeral pretende a consecución dos seguintes obxectivos:

**A.- Obxectivos Xerais:**

1. Optimizar o proceso de Ensino-Aprendizaxe.
2. Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa concreta e individualizada.
3. Colaborar ,cando proceda, na fase de deseño e desenvolvemento das diferentes decisións curriculares.
4. Colaborar co profesorado na prevención e detección de problemas de aprendizaxe e na planificación e realización de actividades dirixidas á súa solución.
5. Realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe dos alumnos que presenten dificultades importantes.
6. Promover e desenvolver estratexias de aprendizaxe entre o alumnado, é dicir "aprender a aprender" e proporcionarlle ao profesorado o asesoramento axeitado para desenvolvelas durante o proceso de ensino que levan a cabo.
7. Evitar, na medida do posible fenómenos indesexables como os de abandono, fracaso e inadaptación escolar.
8. Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos mediante as oportunas adaptacións curriculares.
9. Desenvolver un seguimento especializado e continuado ao alumnado que podería ir a Formación Profesional Básica.
10. Impulsar un pensamento autónomo e crítico no alumnado ao igual que o traballo en grupo.
11. Asesorar o profesorado na elaboración e seguimento de todas aquelas medidas de atención a diversidade que sexan preciso aplicar.

**B.- Obxectivos específicos:**

- Adoptar medidas organizativas sobre formas de agrupamento do alumnado.
- Organizar espazos e tempos para que faciliten a atención á diversidade e o traballo en grupo. Realizarase un asesoramento o profesorado sobre a atención os alumnos con necesidades educativas específicas. Daránselle

pautas sobre a atención o alumnado con déficit de atención, alumnos con trastornos conductuais, dificultades específicas de aprendizaxe...

- Poñer en marcha medidas de prevención encamiñadas a crear un clima de relacións harmoniosas na aula. A través das actividades programadas no PAT (programas de habilidades sociais e resolución de conflitos persoais, levarase a cabo en todo os cursos da ESO. Especialmente naqueles nos que se detecten problemas de convivencia. Este ano faremos actividades puntuais como a celebración do dia contra a violencia de xénero, o día internacional da muller traballadora e o día da paz. Faranse actividades didácticas e exposicións. Haberá charlas específicas dentro do plan director ( Acoso Escolar e riscos das tics, para 1ºESO; para 3º ESO violencia de xénero) . Obradoiro de saúde e sexualidade para 3º ESO, impartido polo Centro QUEROTE +). Tamén se realizaran obradoiros ofertados pola Cruz Vermella no ámbito da Educación en Valores e a Prevención de condutas violentas.
- Elaborar e aplicar programas específicos de técnicas de traballo intelectual (organización do traballo, preparación de exames, técnicas mnemotécnicas, mapas conceptuais, redes conceptuais...
- Detectar problemas de aprendizaxe e poñer en marcha medidas de reforzo.Recollida de demandas de titores sobre dificultades de aprendizaxe e elaboración de informes psicopedagóxicos correspondentes.
- Fixar criterios para atender e dar resposta á heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumno, dende o currículo ordinario a través de medidas ordinarias, reforzos, plans de recuperación,...
- Solicitar e elaborar un P.M.A.R. para aqueles alumnos que cumpran cos requisitos establecidos legalmente.
- Ofertar un ciclo de Formación Profesional Básica. para aqueles alumnos/as que non obteñan o título de Educación Secundaria.
- Seguir puntualmente a evolución académica e persoal do alumnado.
- Establecer contactos e vías de colaboración con diferentes entidades ou especialistas que poidan axudar no desenvolvemento de programas ou actuacións concretas encamiñadas a unha mellor formación persoal e académica do alumnado. Organizaranse charlas como queda recollido no PAT

(charlas sobre estudos universitarios, posibilidade de cursar graos universitarios si se ingresa nas academias militares das forzas armadas, visitas de representantes das universidades galegas, charlas sobre cooperativismo e iniciativa emprendedora...

- Facilitar asesoramento e formación os titores na elaboración de todos aqueles documentos que sexan precisos, en especial en relación co informe individualizado. Estableceranse propostas para mellorar os modelos de informes e a organización dos datos.
- Avaliar, conxuntamente co profesorado, o desenvolvemento de programas e de medidas adoptadas ao longo do curso. Na reunión semanal do departamento, nas sesións de avaliación inicial e de avaliación o longo do curso.
- Dotar ó D.O. de material bibliográfico e informático axeitado no campo das dificultades de aprendizaxe e da Educación Especial. Programas informáticos como J Click, comunicate in print, c-map tools....

**5. MEDIDAS DE APOIO E ÁMBITOS DE ACTUACIÓN:**

Para a consecución dos obxectivos plantexados no punto anterior, é preciso desenvolver as seguintes actuacións:

ϖ<u>Realización da avaliación psicopedagóxica do alumnado que a precise</u>: cada vez que teñamos que realizar unha avaliación psicopedagóxica será necesario coñecer os datos identificativos do alumno/a, datos que o titor deberá facilitar se os membros do Departamento de Orientación o consideran necesario. Igualmente poderá solicitarse ao profesorado a realización dunha serie de probas para determinar o nivel de competencia curricular, probas que poderán ser estandarizadas ou elaboradas (nas que a orientadora poderá colaborar na súa selección). A orientadora a través da aplicación de probas psicopedagóxicas, entrevistas, observacións complementará a información facilitada polo equipo educativo. Toda a información recollerase posteriormente nun informe, elaborado pola orientadora, que se transmite posteriormente ó titor/a, se a proposta é de aplicación de medidas ordinarias, e a través dunha reunión co profesorado implicado e a Xefatura de estudos, se a proposta é de medidas

extraordinarias, decidindo se esa medida se vai levar a cabo con ese alumno e o reparto de responsabilidades se é afirmativa.

ϖCoñecemento dos alumnos/as por parte do profesorado a través de información facilitada polo Departamento de Orientación: suministrando datos concernentes ós resultados dos diagnósticos, de informes de anos anteriores, facilitarlles información para axudar a identificar a alumnos con NEE.

ϖSolicitude por parte do Departamento de Orientación da cumplimentación de cuestionarios iniciais dirixidos a alumnos para a detección de posibles necesidades: estes cuestionarios entregaraos o titor/a nunha das 1ª titorías co alumnado. Serán de utilidade para recoller información do alumnado cando se precise á hora de realizar unha avaliación psicopedagóxica.

ϖAnálise dos informes do alumnado procedente de Primaria con medidas de atención á diversidade ou propostos para elas. Esta análise levarase a cabo dende o Departamento de Orientación que posteriormente transmitirase a información que se considere necesaria ao titor/a que corresponda.

ϖColaboración co profesorado na realización de ACS, se é o caso.

ϖColaborar co profesorado na selección de programas de aprendizaxe ou de reforzo, de programas de enriquecimento curricular, programas de recuperación, materiais de apoio, información a pais,...

ϖSeguemento do alumnado con medidas de atención á diversidade.

ϖ Participar nas sesións de avaliación inicial e avaliación, colaborando co profesorado na búsqueda das respostas educativas adecuadas ás necesidades do alumnado, informando sobre alumnos con NE.

ϖ O DO. colaborar na difusión de información que afecte ó profesorado/ alumnado, incluindo a creación de materiais se é necesario.

ϖ Colaborar co profesorado na atención a alumnos/as, a nivel individual,no referente ó seu desenvolvemento personal, social, familiar, escolar, etc en algúns casos en que sexa necesario algún tipo de intervención psicopedagóxica, asesorando ó mesmo tempo ó profesorado implicado cando sexa preciso.

ϖ Colaborar co/a titor/a na elaboración de información, asesoramento ós pais, solicitando colaboración no RE dende o fogar.

ϖ Colaborar co profesorado na selección de materiais de reforzo cando estos o demanden.

ϖ Revisar o Plan de Convivencia Escolar e o Plan de Acollida.

Tendo en conta todas estas actuacións e antes de recurrir a clasificación proposta desde o Decreto 229/2011, podemos falar de dous tipos de medidas de atención á diversidade: curriculares e organizativas.

+ **Medidas curriculares:** teñen a finalidade de posibilitar un desenvolvemento do currículo diferente en función das posibilidades e necesidades do alumnado. Estas medidas van desde a contextualización do currículo establecida no proxecto curricular para todo os alumnos e alumnas dun centro, ata os reforzos educativos para atende-las dificultades do alumnado xurdidas nun momento determinado do proceso educativo ou as adaptacións curriculares individualizadas para os alumnos con necesidades educativas especiais.

Igualmente, mediante a acción titorial como dimensión educativa da práctica docente, favorécese a integración dos alumnos/as na vida do centro educativo e realízase o seguimento personalizado do seu proceso educativo, o que lles axudará a supera-los obstáculos que poidan dificulta-la súa aprendizaxe e a realizar unha toma de decisión responsable respecto ó seu futuro académico e profesional.

Ademais, a oferta de materias optativas é unha medida ordinaria de atención á diversidade que posibilita que os centros poidan ofertar itinerarios formativos que lles dean resposta ás necesidades, motivacións e intereses do alumnado.

+ **Medidas organizativas**: refírense á forma na que están estruturados os agrupamentos para conseguir a atención á diversidade.

Son medidas organizativas os tipos de agrupamentos que cada profesor/a realiza cos seus alumnos/as na aula, as clases de recuperación, os agrupamentos específicos establecidos como apoio ás aprendizaxes básicas do alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe.

Dentro das medidas organizativas de atención á diversidade inclúense para grupos reducidos de alumnado os P.M.A.R., os agrupamentos específicos, a organización dos apoios para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais e mesmo a atención educativa de certos alumnos fóra da ensinanza regrada, como é o caso da Formación Profesional Básica.

A flexibilidade metodolóxica é un principio clave na resposta á diversidade de todo o alumnado, e a organización dos agrupamentos constitúe un dos elementos da metodoloxía que permite maior adaptación dos contidos e das actividades que se aborden.

A programación de distintos tipos de agrupamentos permítelle ó profesor momentos para a atención individualizada, crea contextos de aprendizaxe colaborativos e facilita o contacto coas estratexias de aprendizaxe que desenvolven os alumnos máis avanzados, etc. Como se aprecia de seguido:

- Traballo en gran grupo é idóneo para a presentación de temas e debates, motivación, detección dos coñecementos previos, presentación dos traballos, lecturas, proxeccións, etc.
- Traballo en grupos reducidos favorece a realización de actividades relacionadas con contidos procedementais e actitudinais, permite o coñecemento dos outros e resulta esencial para a aprendizaxe da responsabilidade no reparto de tarefas.
- Traballo individual é necesario para posibilitar a adaptación ó ritmo de aprendizaxe e ás características de cada alumno, e crear momentos de introspección necesarios para o coñecemento das propias capacidades.

En todo caso, cada tipo de agrupamento ten unhas potencialidades educativas diferentes, polo que ningún é bo en si mesmo. Por outra parte, non se debe aborda-los agrupamentos de modo improvisado, xa que todo traballo en grupo debe asegurar a participación diferenciada de tódolos alumnos, ó tempo que os resultados da tarefa realizada en común non debe se-la suma de actuacións individuais dos compoñentes do grupo.

### *5.1. MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:*

Tal e como se indica no artigo 8 do Decreto 229/2011,polo que se regula a atención á diversidade de alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as enseñanzas establecidas na LOE (2006), entendemos por medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e

criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxetivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

A continuación vou indicar as medida ordinarias de atención á diversidade do IES VAL DO ASMA:

**A . Adecuación do estructura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado:**

O I.E.S. Val do Asma, en coherencia co proxecto educativo e considerando os recursos materiais e humanos cos que conta, establece no seu proxecto curricular as medidas de carácter xeral para atender á diversidade. A continuación indicamos algún dos criterios establecidos:

1. Os agrupamentos, a confección de grupos e horarios estableceranse de acordo cos principios de: normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivenica.
2. No último Claustro do curso serán aprobados os criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios do curso seguinte, así como a comunicación do número de grupo de cada materia.
3. No que respecta aos espazos, priorizaranse as seguintes actuacións:
   - Creación de ambiantes acolledores, estimulantes, cómodos e personalziados.
   - Facilitación da organización flexible da aula.
   - Facilitación do acceso do alumando aos departamentos didácticos, ao departamento de orientación, á biblioteca do centro e da aula, ao ximnasio,...

**B. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado:**

No mes de setembro, tendo como marco de referencia o proxecto educativo e o proxecto curricular de centro, os departamentos didácticos concretan nas correspondentes programacións didácticas os obxectivos e contidos de cada área, a súa secuencia e distribución por curso e os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, así como os principios metodolóxicos adoptados. Todo isto, co fin de lograr que o maior número de alumnos e alumnas poida conseguir os obxectivos da educación secundaria.

Os departamentos didácticos correspondentes serán os encargados de propoñer os plans de traballo para o alumnado de E.S.O. e do Bacharelato con materias pendentes, nos que se farán constar os contidos esixibles e os criterios de avaliación, sendo responsabilidade dos xefes de departamento a coordinación e seguimento da avaliación das aprendizaxe destes alumnos/as.

Os departamentos didácticos serán os encargados de programar e realizar as probas finais das materias pendentes, para o alumnado cunha cualificación negativa, logo da avaliación continua, na materia.

Así mesmo, cada profesor/a, unha vez feita unha avaliación inicial do grupo, adaptará a progrmación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnado en particilar, podendo modificar os seguintes aspectos:

a. Obxectivos e contidos:
    - Adecuar os obxectivos ás peculiaridades do alumnado do grupo.
    - Precisar cales son os obxectivos e contidos mínimos de cada unidade didáctica.
    - Seleccionar e priorizar aqueles contidos que sexan funcionais para o alumando e que lle permitan arpender por si mesmo.
    - Establecer unha secuencia de contidos que aseguren aprendizaxes básicos apra todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
b. Metodoloxía: lograr unha estrucutra de traballo que facilite ao máximo a contrución de aprendizaxes autónomos e significativos é o obxectivo último. Para conseguir este propósito, o porofesora poderá establecer diferentes tipos de agrupamentos dentro da aula para atender á diversidade:
    - Traballo en pequeño grupo para favorecer a relación entre o alumando e a cooperación na abordaxe das tarefas.

- Titorización nalgunhas actividades por un compañeiro/a da aula (aprendizaxe entre iguais).
- Traballo individual co alumnado cando se entenda que é necesario para facilitar a continuación do proceso de aprendizaxe.

c. Actividades: debemos procurar que as actividades resulten actractivas e motivadoras para o alumando de modo que teremos en conta os seguintes criterios:
   - Diversidade de actividades.
   - Actividades secuenciadas segundo a súa dificultade.
   - Existencia de actividades de libre elección.
   - Actividades iniciais que permitan coñecer o nivel de competencia que ten o alumnado e , a partir delas, adaptar o resto das actividades que se van a plantexar.
   - De reforzo para todo o grupo como repaso ou para o alumnado con dificultades de aprendizaxe.
   - De ampliación para o alumando avantaxado.
   - Uso das novas tecnoloxías sempre que sexa posible.
   - Emprego de divesos canles sensoriais na presentación das actividades.
   - Actividades destinadas a facilitar a integración do ACNEAE.

d. Avaliación:
   - Poñer a avaliación ao servizo do proceso de aprendizaxe.
   - Fomentar a autoavaliación.
   - Realizar unha avaliación inicial ao comezo do proceso de ensino-aprendizaxe que nos permita determinar o nivel de competencia curricular de cada alumno/a.
   - Seleccionar técnicas e instrumentos de avaliación múltiples e variados na súa tipoloxía.
   - Diversidade nos elementos de cualificación: notas das probas, dos exames de trimestre, traballo de aula, actitude, comportamento co profesorado e cos compañeiros/as, asistencia, ...
   - Contextualizar os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe seguindo criterios de adecuación coherentes cos empergados ao contextualizar os obxectivos.

**C. A Acción Titorial e a Orientación.**

A acción titorial forma parte esencial da función docente, xa que a súa finalidade é que o alumnado integre coñecementos, actitudes, valores e normas que lle faciliten a aprendizaxe, o seu crecemento persoal, a toma de decisións académicas e profesionais e a inserción social.

De aí a consideración de hora lectiva que a normativa lle outorga á hora semanal de titoría presencial do titor ou titora con todo o grupo-clase ó longo de toda a etapa e, en consecuencia, a necesidade dunha planificación e seguimento sistemático da acción titorial como de calquera outra programación docente.

O desenvolvemento adecuado das funcións da acción titorial constitúe, pois, un medio eficaz para coñecer cada alumno e alumna, identifica-las dificultades que podan existir no seu proceso de aprendizaxe, prever e segui-las adaptacións curriculares, considera-lo tipo de agrupamento adecuado e facilita-la integración dos alumnos e alumnas no seu grupo clase e no centro.

Isto implica que o titor ou titora deba obter información de contactos regulares coas familias e co resto dos profesores do alumno para trazar estratexias de actuacións conxuntas que axuden ó proceso madurativo deste.

Pola diversidade de factores que inflúen nos procesos educativos, a esta coordinación cómpre engadirlle, en ocasións, a colaboración doutros profesionais ou institucións -servizos sociais, sanitarios, empresas, concellos, etc.-.

Así, a acción titorial desenvólvese en diferentes ámbitos que abordaremos brevemente de seguido:

**O coñecemento e seguimento persoal do alumnado**

Dado que ó longo da hora semanal de titoría presencial se levan a cabo as accións deseñadas no plan de acción titorial do seu centro, o titor/a pode chegar a un coñecemento máis fondo das aptitudes e capacidades do alumnado, dos seus intereses e motivacións, así como do seu grao de responsabilidade. Este coñecemento constitúe o punto de partida para, en colaboración co resto de profesores/as do grupo e co departamento de orientación, deseñar estratexias para lograr actitudes positivas cara ó estudio e ós compañeiros/as, hábitos de traballo e comportamentos socialmente adecuados.

As actuacións desenvolvidas sobre a base do coñecemento do alumnado axúdanlle a alcanza-la súa autonomía persoal tanto na toma de decisións fundamentada e responsable sobre os estudios posteriores, como na súa posible incorporación no mundo laboral.

No caso da acción titorial relacionada con alumnos e alumnas con historia de fracaso escolar e con problemas de inserción social e, polo tanto, de conduta, é evidente a importancia que cobra o apoio experimentado do profesor/a titor/a para posibilitar que se coñezan a si mesmos, recuperen a confianza nas súas capacidades e nos demais, e aprendan estratexias de autorregulación, tanto da súa aprendizaxe como dos seus comportamentos sociais.

**Relación co grupo clase**

O grupo-clase constitúe o contorno social inmediato no que se producen as aprendizaxes. Neste sentido, é esencial que o titor ou titora aborde actividades e poña en marcha estratexias para lograr un clima de aula adecuado, que permita a cohesión do grupo e que ofreza posibilidades de participación nas decisións da aula.

A diversificación dos agrupamentos dentro da aula permite o coñecemento de cada un, crea contextos de axuda mutua na aprendizaxe e propicia a adopción de valores de solidariedade e colaboración, tan necesarios para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

**Relación coas familias**

Os valores que rexen a vida nas familias constitúen un referente para os alumnos e alumnas. Coñecer estes valores, as expectativas que as familias teñen con respecto ós seus fillos e fillas, e a súa concepción da educación e mesmo do centro educativo contribúe a un maior coñecemento do alumnado e permite que se establezan actuacións coordinadas entre os pais e o centro.

Á miúdo, a actuación adecuada das familias en relación co proceso educativo dos seus fillos e fillas depende dos estímulos e da información que reciben do centro educativo. Neste sentido, a existencia de reunións periódicas ó longo de todo o curso e a comunicación fluída titor-familias son un apoio esencial a toda acción titorial.

Ao comezo de cada curso prevense reunións iniciais cos pais e nais do alumnado de E.S.O. e primeiro de BAC. Estas reunións desenvolveranse no mes de outubro.

Contemplarase no horario dos titores/as unha hora semanal de atención de pais/nais.

**Relación co equipo docente**

O profesor/a titor/a debe procurar que, sen prexuízo da peculiaridade de cada área, exista unha proposta común por parte do equipo docente do seu grupo de alumnos/as. Isto implica lograr certos acordos metodolóxicos, establecer criterios sobre as necesidades educativas que deben ser obxecto de apoios coordinados, conseguir que o labor conxunto sexa coherente e a esixencia dos niveis de logro similares, obter sobre os procesos educativos dos alumnos/as información significativa e transferible ás familias e ós propios alumnos/as, e realiza-la busca común de causas de problemas e de solucións alternativas.

En definitiva, o titor/a non pode traballar illado do equipo docente do seu grupo, senón que as súas actuacións deben incidir na coordinación das respostas educativas que este aporte desde as súas distintas programacións, e mesmo diferentes concepcións do feito educativo.

Ademáis temos que ter en conta que a Acción Titorial é o primeiro nivel do sistema orientador proposto no noso sistema educativo, sendo o Departamento de Orientación o responsable de coordinar todas as acciones titorias que se desenvolven do centro. De ahí que sexa o xefe do D.O. o que elabora (tendo en conta as aportacións dos diversos titores/as, as directrices establecidas pola C.C.P. e a Programación do propio D.O., entre outros documentos) o Plan de Acción Titorial que é o documento que recolle a organización e funcionamento das titorias que se desenvolverán no centro, así como o conxunto de actividades que contribuan a orientación personalizada do alumnado, tanto no educativo coma no persoal e profesional.

**D. Accións do profesorado: adaptación dos tempo e instrumentos ou procedementos de avaliación.**

Cada profesor/a, desde a súa área ou materia, adapta a programación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnos/as en particular. En ocasións estas adaptacións deberán chegar aínda máis lonxe, como no caso do alumnado con

necesidades educativas especiais, para os que será necesario realizar adaptacións curriculares individualizadas. O profesorado, cando desenvolve a súa programación de aula para un grupo concreto de alumnos/as, deseña estratexias de carácter ordinario que lle permitan atender á diversidade do alumnado, tales como:

- Establecer secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Deseñar actividades de ensinanza-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- Desenvolve-las actividades, programadas polos departamentos didácticos, para o alumnado da E.S.O. e do Bacharelato con materias pendentes.
- Establecer agrupamentos que permitan contextos de aprendizaxe colaborativos.
- Considerar diferente tempo de realización das actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Utilizar recursos e materiais diferenciados -gráficos, audiovisuais, manipulables...- para contempla-los distintos estilos de aprendizaxe dos alumnos/as.
- Aplicar criterios de avaliación que contemplen diferentes graos de logro.
- Incluír actividades de reforzo para aqueles alumnos/as que non seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo.
- Propoñer actividades de recuperación para aqueles que ó final da secuencia non acadasen os obxectivos previstos.
- Propoñer actividades de ampliación para aqueloutros que van diante na súa aprendizaxe.

**+ Accións do profesorado en relación coas materias pendentes na Educación Secundaria Obrigatoria e no Bacharelato:**

Con carácter xeral, podemos sinalar que será o/a xefe do departamento da materia correspondente o/a encargado/a de establecer o programa para o alumnado con materias pendentes.

Serán desenvolvidas polo profesor/a que imparte a materia pendente e as materias pendentes serán avaliadas de xeito continuo polo profesorado que a imparte.

**E. Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia:**

Tal e como se indica no artigo 25 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar;  a Aula de convivencia inclusiva ten como finalidade substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.
Neste mesmo artigo indícase que o plan de convivencia incluirá, en relación coa aula de convivencia, os seguintes aspectos:

a) Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos poida establecer a comisión de coordinación pedagóxica.

b) Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, que poderá ser profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia poderase contar coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

c) Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

d) Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

**F. Desdobramento de grupos:**

É unha medida organizativa de atención á diversidade que permite desdobrar un grupo numeroso para prestar unha atención individualizada ao alumnado.

Os destinatarios desta medida son os grupos de alumnos/as onde o número total sexa superios a 20, e se considere que os resultados de anos anteriores indican unha dificultade da área para o alumando. Priorizaranse, de ser necesario, nas materias de linguas e matemáticas e nos primeiro ciclo da ESO.

O duranción desta medida será todo o curso escolar.

**G. Reforzo educativo e apoio do profesorado con disponibilidade horaria.**

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo; é dicir, a todo o que conforma a opción metodolóxica de cada profesor/a: secuencia e organización de contidos, secuencia e tipos de actividades, formas e instrumentos de avaliación, agrupamentos na aula, etc.

Esta é unha medida de atención á diversidade que atende as dificultades do alumnado xurdidas nun momento do proceso educativo, e que a través de modificacións dos elementos non prescritivos do currículo, o alumnado pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Os destinatarios desta medidas son:

- Alumnado que repita curso e deberá seguir medidas de reforzo educativo.
- Alumnado con dificutlades para seguir o ritmo do seu grupo-clase.

O profesorado da materia na que o alumno requira o apoio ou o profesorado con dispoñibilidade horaria será o que se ocupe de impartir esta medida.

A temporalización deste reforzo dependerá das necesidades de apoio que requira o alumando que sexa obxecto da medida.

O reforzo educativo deberá ser comunicado a Xefa de Estudos e ós pais/nais do alumno/a. A decisión de reforzo educativo tomarase: trala avaliación inicial e despois de cada unha das avaliacións. Cando na sesión de avaliación se adopte a decisión de R.E. para un alumno/a con criterio de conformidade, rexistrarase nun anexo da acta.

**H. Programas de enriquecemento curricular:** Dacordo co Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, artigo 8.2 , son unha medida ordinaria de atención á diversidade destinada o alumnado con Altas Capacidade Intelectuais.

Estes programas poden definirse como un conxunto de actuacións que enriquecen o currículo ofrecendo unha experiencia de aprendizaxe máis rica e variada ao alumnado. Estes programas planifícanse coa finalidade de favorecer o desenvolvemento do talento do alumnado, tendo como obxectivos estimular e potenciar as súas capacidades cognitivas, fomentar a súa creatividade e promover as súas habilidades de investigación e de invención; todo iso mediante actividades de enriquecemento cognitivo, de desenvolvemento da creatividade, de habilidades verbais, lóxico-matemáticas e plásticas, a través dunha metodoloxía flexible, baseada nos intereses do alumnado, a innovación, a investigación, a experimentación, a interdisplinariedad e o descubrimento; e, á vez, potenciando e mellorando o seu desenvolvemento socioafectivo a través do traballo grupal, podéndose levar a cabo dentro ou fose da aula.

A finalidade deste progrmas é favorecer o desenvolvemento do talento do alumno/a, perseguindo os seguintes obxectivos:

- Estimular e potenciar as capacidades cognitivas.
- Fomentar o desenvolvemento da creatividade.
- Mellorar as habilidades verbais, lóxico-matemáticas e plásticas.
- Promover o desenvolvemento socioafectivo e as habilidades sociais.
- Desenvolver destrezas de traballo cooperativo.

Con todo iso esperamos, ademais, evitar que o alumno/a abúrrase e, consiguientemente, se desmotive, xa que polas súas características, pode traballar a outro ritmo e con actividades que supoñan un maior nivel de esixencia. Non adiantaremos contidos, xa que non é necesario, ademais de que podería ser contraproducente no futuro.

**I. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas (Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas).**

E unha medida organizativa de atención á diversidade cuxa finalizade é a atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente nas técnicas instrumentais de base. Están regulados pola Cicular 8 do 2009.

Os destinatarios destes programas é o alumando de 1º e 2º ESO que estea nas seguintes condicións:

- Alumnado que accede a ESO por promoción automática ( que xa repatira na Educación Primaria e que promocione con áreas suspensas desta etapa).

- Alumnado que obteña uns resultados moi baixos nas probas de avaliación inicial de comezos de curso, completando dita información cos informes dos centros de Primaria.
- Alumnado que esté repetindo 1º ESO e se consider que esta medida pode atender as sáus necesidades.
- Alumando que pomociona a 2º ESO sen ter superado todas ou algunha das materias instrumentais, e se considera que é a mellor opción para dar resposta ás súas necesidades.
- Alumnado que estea repetindo 2º ESO e sexa a mellor respota ás súas necesidades.

As características destes programas resumímolas a continuación:

- o Basados nos mínimos do curso co obxectivo de contribuir a acadalos.
- o Programados polo departamento correspondente.
- o Con atribución horaria e alumnado exentos da 2ª lengua extranxeira.

Os programas desenvolveránse ao longo de todo o curso escolar e a súa avaliación será determinada polo departamento que ten asignado dito programa.

**J. Programas de recuperación.**

E unha medida organizativa de atención á diversidade cuxa finalizade é a atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente nas materias suspensas, sempre que non se trate das áreas instrumentais básicas. Organizaranse cando o departamento correpondente conta con profesorado que non teña o seu horario lectivo completo e están regulados pola Cicular 8 do 2009.

Os destinatarios destes programas é o alumando que promociona a 2º coas materias instrumentais aprobadas e outras áreas suspensas.

Este programas estarán baseados nos mínimos esixibles do curso corresponde e a súa avaliación corresponderá ao profesorado que imparta o programa.

O alumnado que curse estes programas poderá estar exento de cursar 2ª Lingua Estranxeira.

K. **Programas específicos personalizados.**

Consisten na elaboración de programas personalizados que inclúen actividades de aprendizaxe para que o alumnado as realice semanalmente.

Os destinatarios son o alumnado de 1º,2º,3º, e 4º ESO. Cando un alumno/a de 1º ou 2º ESO asista a un programa de reforzo ou de recuperación doutras materias, quedará eximido da realización destes programas.

Este programa será elaborado polo departamento da materia correspondente. É o/a profesor/a que imparte a materia o responsble do seguimento de cada alumno/a na realización das tarefas propostas polo departamento didáctico e tamén, o responsable de comunicarllo ao profesor/a titor/a para facerllo chegar ás familias.

Ditos programas desenvolveranse ao longo de todo o curso escolar.

L. **Programas de Habilidades Sociais:**

Desde o Departamento de Orientación elaboráronse 3 programas diferentes de Habilidades Sociais que teñen como finalidade facilitar ao alumando un repertorio de habilidades instrumentais, cognitivas e de control emocional que poidan usar para mellorar a calidade das súas relacións sociais e, máis concretamente, para resolver ou prever problemas ou dificultades nas súas relacións cos demáis.

O programa básico de Habilidades Sociais diseñouse para todo o alumnado da ESO e desenvolverase, con carácter xeral, nas horas de titoría oa longo de todo o curso.

O programa para o alumnado que debe acudir, debido as súas condutas disruptivas, a aula de convivencia inclusa; ten a peculiaridade de que todas as actuacións previstas desenvolveranse durante a estancia do alumno/a na Aula de Convivencia Inclusiva. Sendo competencia do profesorado de garda a supervisión deste alumnado.

E, por último, o programa para o alumando suspendido, temporalmente, do seu dereito a asistir ao centro educativo; ten como destinatarios aqueles alumnos e alumnas que, debido as súas condutas gravemente perxudiciais para a convivencia, debe permanecer na súa casa un determinado periodo de tempo e con este programa traballará aspectos que contribuan a mellorar a súa competencia social e cívica.

Todas as actuacións previstas neste programa desenvolveranse durante o período de suspensión do alumno/a. Sendo responsabilidade da familia a supervisión do traballo de dito alumno.

No caso dos dous últimos programas, o titor/a do alumno/a recollerá o material feito polo mesmo, unha vez conclúa a medida disciplinaria. Dito material será

entregado a orientadora que o analizará antes da reunión que manterá co alumno/a en cuestión, previa a súa reincorporación a aula ordinaria.

Nos Anexos deste documento incluense ditos programas.

**M. A optatividade: materias de libre configuración autonómica e materias específicas.**

As materias optativas son propostas educativas que pretenden responder ós intereses e modos de aprender dos alumnos e alumnas. Están concibidas para contribuír á consecución das capacidades básicas que promoven os obxectivos xerais desde diferentes campos do saber e da práctica.

A súa combinación coas áreas obrigatorias da E.S.O. dá lugar a diferentes itinerarios formativos e posibilita a elección do alumnado en función dos seus intereses, motivacións e preferencias.

Resulta, pois, esencial que o plan de acción titorial do centro contemple actividades de autocoñecemento e de toma de decisións para que os alumnos e alumnas poidan elixir responsablemente de entre a oferta de itinerarios formativos do centro aquel que mellor responda ás súas capacidades, necesidades, posibilidades e intereses.

O departamento de orientación será un elemento esencial de apoio neste ámbito, tanto pola súa participación no plan de acción titorial, como polas vías de información e asesoramento que debe establecer para tódolos alumnos e alumnas do centro.

**Optatividade en 4º de ESO: materias específicas e materias troncais de opción.**

A oferta de materias específicas na E.S.O., especialmente no cuarto curso, teñen que conformar itinerarios formativos nos que estean conxuntamente presentes dúas finalidades que caracterizan a E.S.O.:

*Terminal* ou de formación xeral, que garanta as aprendizaxes básicas necesarias para a incorporación plena no mundo laboral e social.

*Propedéutica*, que vincula a elección das materias ou áreas optativas con estudios posteriores de bacharelato ou ciclos formativos.

**Optatividade en 1º e 2º de BAC:**

A optatividade en BAC está marcada pola finalidade de formación xeral dos alumnos/as, así como a súa orientación e preparación para os estudios universitarios ou de formación profesional específica.

Coa LOMCE falamos de materias troncais de opción e materias específicas, sobre as que debemos asesorar o alumnado.

### *5.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:*

No artigo 9 do Decreto 229/2011, o que nos levamos referido ao longo de todo este documento, defínense as medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requerir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez agotadas as de carácter ordinario ou por resultar éstas insuficientes.

**A. Adaptacións curriculares individualizadas: ACI**

Enténdese por adaptación curricular individualizada a proposta curricular específica para un alumno ou alumna con necesidades educativas especiais.

Nesta proposta introdúcense modificacións significativas nos elementos prescritivos do currículo común -obxectivos, contidos e criterios de avaliación- e pode afectar a unha, a varias ou a tódalas áreas.

A A.C.I. realizarase tan pronto como sexa posible, durante o primeiro trimestre de curso.

<u>+ Destinatarios</u>

No I.E.S. "Val do Asma" serán avaliados conxuntamente, polo Dpto. de Orientación e o titor/a correspondente, para a proposta de realización de A.C.I., o alumnado que reúnan un dos seguintes criterios:

- Alumnos/as con ACI durante a Educación Primaria
- Alumnos/as con prorroga de Escolaridade en E.P.
- Alumnos/as con áreas de 6º de E.P. suspensas, detectándose na avaliación inicial un atraso superior ó dun curso académico.
- Alumnos/as, que logo da súa repetición manteñan un atraso na súa competencia curricular de máis dun curso académico.

No apartado 7 relátase o procedemento a seguir con esta MAD.

**B. Agrupamentos Flexibles:**

Esta medida organizativa consiste en crear agrupamentos transitorios de alumnos/as dun mesmo nivel para formar grupos, dun máximo de 10 membros, con prioridade nas materias instrumentais (Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas) pero que tamén se poden crear nas áreas de maior peso conceptual (Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía, e Inglés).

Este medida modifica a secuencia de contidos, procedementos e instrumentos de avaliación, a organización da aula e outros aspectos metodolóxicos.

Está regulada pola Circular 9/1999 e os seus destinatarios son o alumnado de 1º e 2º ESO con dificutlades de aprendizaxe que se atope nalgunhas das seguintes situacións:

- Alumnado con necesidades específicas de apoio educatico on informe.
- Alumnado repetidor.
- Alumnado que promociona por con materias pendentes que se impartan no agrupamento.
- Alumando que acceda a 1º ESO e requira reforzo en ditas materias en función do informe emitido pola xefatura do D.O. de Educación Primaria. Terá prioridade o alumando que teña repetido nesta etapa.

No apartado 7 relátase o procedemento a seguir con esta MAD.

**C. Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica:**

Os apoios ó alumnado con N.E.A.E. será impartido pola profesora especialista de Pedagoxía Terapéutica na aula de referencia do alumno/a, como norma xeral, ou na aula de PT. O apoio educativo, terá como prioridade as materias instrumentais.

A inclusión de alumnos/as en apoios tomarase trala avaliación inicial e revisarase despois de cada unha das avaliacións. O establecemento de apoios implicará a coordinación de programacións, en reunións mensuais entre o profesorado implicado e a profesora de P.T.

Na priorización de necesidades daráselles preferencia ós primeiros cursos da E.S.O.

No apartado 7 indícase o procedemento para a solicitude desta MAD.

+ Criterios de inclusión:

Os alumnos/as obxecto de apoio pola profesora de P.T., serán propostos pola orientadora ó xefe de estudios, logo de cumprir algún dos seguintes criterios:

- Ter unha A.C.I.
- Amosar unha discrepancia curricular considerable, nalgunha das materias instrumentais.

**D. Flexibilización da duración do período de escolarización.**

O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser obxecto de medidas de flexibilización da súa escolarización nas diferentes etapas do ensino non universitario, para o que será necesaria a autorización desta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Para tal fin, será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas de adaptación curricular ou organizativas previstas para a atención das necesidades específicas do alumno/a.

Na ESO poderase permanecer excepcionalmente un ano máis respecto do disposto con carácter xeral. Non obstante, esta medida non será de aplicación nun curso no que xa se permanecese un ano máis.

Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en 4º ESO se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

Así mesmo, cando necesidades de apoio específico así o xustifiquen, poderase autorizar excepcionalmente a fragmentación dos cursos 3ª e 4ª ESO. Neste caso o alumno deberá permanecer escolarizado todo o horario e, en consecuencia, durante os períodos correspondentes ás áreas que non estea a cursar deberá prestárselle atención adaptada ás súas necesidades específicas.

En todo caso, a permanencia no ensino básico non poderá estenderse máis alá do ano natural no que se cumpran os 19 anos de idade.

Respecto das necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación, as flexibilizacións axustarase ó disposto no REAL DECRETO 943/2003, de 18 de juño, polo que se regulan as condicións para a flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente.

**E. Plan de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento: PMAR.**

O PMAR e unha MAD excepcional de atención á diversidade, na que mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, se busca que os alumnos podan rematar o 1º ciclo de ESO e cursar 4º pola vía ordinaria.

Neste PMAR, o alumnado terá un titor/a específico que estará en coordinación co titor/a do grupo de referencia. Cursará uns ámbitos no PMAR:

- Científico-tecnolóxico: inclúe Matemáticas e Física e Química de 2º ESO e Matemáticas orientadas as ensinanzas aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química en 3º ESO (8 horas semanais).
- Lingüístico-social: inclúe Xeografía e Historia, Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura (9 horas).
- Linguas estranxeiras: 1ª Lingua Estranxeira (3 horas)
- O resto de materias cursaranas co seu grupo de referencia.

+ <u>Destinatarios:</u>

O alumnado que pode acceder a un PMAR é alumnado de 1º ou 2º ESO, excepcionalmente de 3º ESO, que teña dificultades relevantes de aprendizaxe, que fose obxecto doutras medidas de atención á diversidade sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas e que existan expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderán cursar o 4º curso pola vía ordinaria.

O alumnado deberá estar nunha das seguintes situacións:

- Alumnado que curse por primeira vez 1º de ESO e non estea en condicións de promocionar pero que repetise con anterioridade, poderase incorporar ao PMAR que se desenvolverá ao longo dos cursos de 2º e 3º ESO.
- Alumnado que curse por segunda vez 1º de ESO e non estea en condicións de promocionar a 2º, poderase incorporar ao PMAR que se desenvolverá ao longo dos cursos de 2º e 3º ESO.
- Alumando que teña cursado por primeira vez 2º ESO e non estea en condicións de promoioncar ao 3º ESO, tendo repetido en Primaria e/ou en 1º ESO, poderá incorporarse ao PMAR que se desenvolva ao longo de 3º ESO.
- Alumnado qie teña cursado por segunda vez 2º ESO e non estea en condicións de promocionar ao 3º ESO poderá incorporarse ao PMAR que se desenvolverá ao longo de 3º ESO.

- Con carácter excepcional, o alumnado que teña cursado por primeira vez o 3º ESO e non estea en condicións de promocionar ao 4º ESO, sen ter rpetido ou tendo repetido unha vez na etapa, poderá incorporarse ao PMAR que se desenvolverá ao longo de 3º ESO.

O procedemento para a incorporación dun alumno/a ao PMAR indícase no apartado 7.

**F. Formación Profesional Básica:**

Na Orde do 5 de agosto do 2014 pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de formación profesional básica no curso académico 2014/2015, artigo 2, establécese que ademáis dos fins e obxectivos establecidos con carácter xeral para as ensinanzas de formación profesional; as ensinanzas conducentes á obtención dos títulos profesionais básicos, segundo o artigo 40.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a Formación Profesional Básica contribuirá, ademais a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.

A oferta obrigatória dos ciclos formativos de formación profesional básica está destinada ao alumnado escolarizado que cumpra os requisitos de acceso a estas ensinanzas, que sinalarei máis adiante, e cuxo grao de adquisición das competencias non sexa o adecuado para obter o título de graduado en E.S.O. e, a pesar disto, sexa o adecuado para que poida alcanzar o título de graduado en E.S.O. e, a pesar disto, sexa o adecuado para que poida alcanzar o título profesional básico.

A duración destes ciclos será de 2.000 horas, equivalentes a dous cursos académicos a tempo completo, e organízanse en módulos profesionais de duración variable.

Nestes ciclos podemos diferenciar 2 tipos de módulos:

- Módulos asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional Cualificacións Profesionais.
- Módulos asociados aos módulos común: Comunicación e Sociedade I e II (Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés e Ciencias Sociais) e Ciencias Aplicadas I e II

(Matemáticas Aplicadas ao contexto persoal e de aprendizaxe dun campo profesional e Ciencias aplicadas ao contexto persoal e de aprendizaxe dun campo profesional).

Os destinatarios destes ciclos son alumnos/as que teñan, como mínimo, os 15 anos ou os cumpran no ano natural de inicio do ciclo, e 20 como máximo; que non posuan titulación de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos e cumpran os requisitos indicados no apartado 7 (no que tamén se atopa a información sobre o procedemento de incorporación a estes ciclos).

**G. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.**

Finalidade desta medida é a continuidade do proceso formativo do alumado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescrición facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo. En todo caso, priorízase a atención ao alumando das etapas de ensino obrigatorio.

Será destinatario o alumado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situación:

a. Longa hospitalización: máis de 30 días.

b. Media hospitalización de 15-30 días.

c. Curta hospitalización: menos de 15 días.

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

O destinatario desta medida será todo o alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes.

Igualmente, será obxecto desta atención o alumado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de 6 ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de 6 meses.

**H. Grupos de adquisición das linguas.**

Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares de ensino, de maneira que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado.

Esta medida estará dirixida, polo tanto, ao alumnado que descoñeza completamente ambas linguas oficiais de Galicia.

O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre, aínda que a inspección educativa poderá autorizar a ampliación excepcional dese período. En todo caso, o alumno incorporarase plenamente ao seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao descoñecemento das linguas.

O protocolo de actuación descríbese no apartado 7 deste documento.

**I. Grupos de adaptación da competencia curricular:**

Os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de maneira que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado o alumno/a.

Esta medida estará dirixida  ao alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.

A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ao de todo o ano escolar.

Non entanto, o alumnado deberase incorporar plenamente ao seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao desfase curricular.

## 6. IMPLEMENTACIÓN.

Para levar a cabo tódalas actuacións sinalas neste Plan resulta imprescindible a participación de todos os membros da comunidade educativa, a continuación destacamos algunha das funcións máis relevantes.

Tendo en conta que a gran maioría das actuacións sinaladas neste Plan se desenvolverán a través do P.A.T., sería convinte descatar as funcións que deberán desenvolver os principais AXENTES DA ACCIÓN TITORIAL:

- ***Titor ou Titora***.

A súa principal función é a mediadora, sendo o punto de referencia do alumnado para a súa relación co resto do centro e coas familias.

As responsabilidades xirarán en torno a dous núcleos básicos:

- Cada alumno ou alumna do centro terá asignado un titor ou unha titora que será o seu vínculo co centro, tanto a nivel individual como do grupo ao que pertenza.
- As familias do alumnado ou os seus responsables terán no titor/a do alumn@ o primeiro interlocutor para todo o que faga referencia ao seu fillo ou filla.

**Persoalmente, o titor ou titora será responsable de**:

- Realizar unha sesión semanal de titoría cos alumnos que ten ao seu cargo.
- Representar ou facer de voceiro do alumnado dun grupo, expresando diante do equipo de profesores demandas, inquietudes, conflictos... xurdidos no grupo.
- Xestionar a información disponible sobre o alumnado do seu grupo respecto do equipo de profesores, se o hai. Coidar e ter o día os rexistros de titoría.
- Presidir as xuntas de avaliación.
- Facilitar a cooperación e a boa relación entre o profesorado e as familias ou responsables do alumnado.
- Informar sobre actividades docentes e rendemento académico a familia e alumnos.

- Participar no desenvolvemento do PAT.
- Seguir o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- Coordinar as Adaptacións Curriculares dos seus titorandos.
- Facilitar a integración do alumnado.
- Orientar ao alumnado.
- Colaborar co Departamento de Orientación.

  - *Responsabilidades colectivas de todo o profesorado.*

**A xefa do D.O. colaborará co Equipo educativo, colectivamente, no desenvolvemento das súas responsabilidades en relación coa atención a diversidade do alumnado e que podemos concretar nas seguintes:**

- Realizar o diagnóstico, seguimento, avaliación e orientación do alumnado nos aspectos relacionados cos obxectivos xerais da acción titorial.
- Coordinar os contidos comúns e optativos, a metodoloxía e as estratexias de aula e a avaliación para cada grupo de alumnos/as.
- Realizar un diagnóstico inicial a partir da observación en tódolos ámbitos do proceso de aprendizaxe, priorizando o dominio dalgunhas capacidades e actitudes básicas: comprensión oral e escrita, razoamento, motivación, estilo de aprendizaxe, participación...
- Organizar de forma coordinada a aprendizaxe de recursos instrumentais para o estudo.
- Desenvolver unha actividade coordinada destinada a dotar ao alumnado de estratexias que permitan o traspaso das aprendizaxes.
- Compartir aspectos relevantes de tipo persoal que non poden observarse na aula, xa que son datos obtidos a través de cuestionarios, entrevistas,..., realizadas co alumnado, coas súas familias ou servicios sociais.
- Utilizar o seguimento compartido do alumnado para, unha vez diagnosticados os éxitos, erros, déficits, atopar e compartir fórmulas para incidir sobre eles, sexa

introducindo cambios na programación de aula sexa a través de estratexias de compensación.

- Establecer criterios sobre as necesidades educativas que deben ser obxecto dunha atención compensatoria e definir as características que tería que ter esta actividade. Decidir o perfil do alumnado do seu grupo que se orienta cara a actividades compensatorias novas ou previstas no centro. Realizar o seguimento e a avaliación das actividades compensatorias.
- Participar no desenvolvemento do PAT.

**Individualmente, cada membro do equipo educativo, terá a responsabilidade de**:

- Contribuír a dinamización do grupo-clase desde a práctica docente cotiá.
- Incorporar á programación de aula aspectos que contribúan ao autocoñecemento e á autoestima do alumnado, a crear expectativas positivas, a exercer a autonomía e a toma de decisións e a orientar académica e profesionalmente ao alumnado.
- Coordinar os contidos da actividade docente xeral e efectuar as adaptacións que se consideren necesarias na programación de aula.
- Coordinar as metodoloxías usadas por cada profesor na aula, reflexionando sobre as características comúns e buscando e adaptando as que sexan máis favorecedoras por parte dun determinado alumno. Axustar a programación segundo os principios de axuda educativa.
- Dar e solicitar, en equipo educativo, información relevante respecto ao marco e contexto de cada alumno ou alumna, o que deberá contribuír ao coñecemento, seguimento e avaliación do proceso individual do alumnado.
- Tomar nota dos acordos aos que se chegue en equipo educativo e transmitirllo aos seus equipos de área.
- Participar no desenvolvemento do PAT.

**-** *Xefa do D.O.:*

Entre as súas funcións poderíamos destacar as seguintes:

  - Participar na análise de necesidades educativas de todo o alumnado.
  - Redactar as actuacións para atender a diversidade dacuerdo coas directrices establecidas pola CCP e as aportacións dos distintos titores.

- Sensibilización da comunidade educativa da necesidade de desenvolver ditas actuacións.
- Favorecer a participación de todos os membros da comunidade educativa.
- Formación inicial e continua aos profesores e titores sobre as necesidades detectadas á hora de implantar o Plan ou de aquelas que van surxindo durante a súa implementación.
- Asesoramento e apoio aos profesores e titores nos aspectos de maior "responsabilidade" que haxa que desenvolver durante o proceso de enseñanza-aprendizaxe (distribución de espazos, tempos e grupos dentro da aula, principios metodolóxicos en que basarse, deseño de actividades, principios da avaliación, desenvolvemento dos obxectivos e competencias básicas, detección de posibles problemas ou necesidades,...).
- Coordinar as diferentes actuacións e actividades do Plan.
- Proporcionarlles recursos para desenvolver as diferentes actividades do Plan.
- Intervención directa en actividades concretas dirixidas ao alumnado:
    - Avaliación psicopedagógica.
    - Actividades de carácter especializado como participar no desenvolvemento dos programas titorias que se leven a cabo.
    - Actividades dirixidas ás familias, para facilitar a súa colaboración e implicación na educación dos seus fillos/as.
    - ....
- Participar na avaliación en todas as súas fases.

***6.1. Criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas.***

Os recursos empregados serán aqueles dos que dispoña o centro, tanto materiais como persoais e de espacio, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación demandada ou programada., procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos recursos existentes.

No apartado 7 indícase o protocolo a seguir para autorizar e aplicar as medidas excepcionais de atención á diversidade, non obstante, compre sinalar que as medidas ordinarias de atención á diversidade comenzarán a aplicarse trala sesión de avaliación inicial. Sen detrimento daquelas medidas que se desenvolvan dentro do PAT de xeito grupal.

***6.2.- Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos.***

Tendo en conto que o cento adscrito contan cunha orientadora, será esta a responsable de tódalas accións orientadoras que se desenvolvan no centro. Non obstante, o constituir todos un mesmo Departamento de Orientación, as lineas xerais de actuación son comúns para os dous centros de modo que poidamos facilitar así a continuidade na labor educativa que se leva a cabo cos nosos alumnos/as. Sendo este o principal canle de coordinación e colaboración entre os dous centros.

Compre sinalar que os Departamentos de Orientación dos devanditos centros organizarán a Xornada de Acollida do alumnado de 6º Primaria, que se celebrará no terceiro trimestre no I.E.S. Val do Asma, e as Charlas a pais destes alumnos/as coas que facilitar o tránsito a unha nova etapa educativa. Así como a visita da xefa do D.O. ao CEIP para presentar o IES os futuros alumnos/as, que se organiza unha semana antes do visita de estos o noso centro.
A isto debemos engadir que a orientadora do IES acude ao CEIP para entrevistarse coa súa orientadora co obxecto de recopilar información sobre o alumnado que solicitou prazo no IES. Nesta reunión realízanse propostas sobre alumnado que debería acudir a aula de apoio, ou que debería estar Exento de 2ª Lingua Estranxeira e sobre cal sería a mellor distribución posible do alumnado por grupos.

***6.3. Canles de colaboración coas familias e cos diferentes servizos externos ao centro.***

A xefa do D.O. será a responsable de manter o contacto continuado coa **Educadora Familiar do concello**, xa que dita colaboración xa se leva realizando varios cursos con éxito.

O mecanismo de colaboración consiste en derivar aqueles casos que propoñan os titores/as ó D.O. a través dun formulario proporcionado pola Educadora Familiar e contactar mensualmente, via telefónica, para coñecer os progresos do alumno no IES e na casa. Deste modo garantimos unha intervención sistémica e consensuada entre o entorno escolar e familiar.

Como esta colaboración xa leva varios cursos funcionando, a Educadora Familiar achégase o IES varias veces o longo do curso para entrevistarse coa xefa do D.O. e así obter información sobre tódolos alumnos/as que está atendendo. Entrevistas que complementan as que se realizan a través do teléfono.

En relación a colaboración coas **familias**, debemos sinalar que se realiza a través dos titores/as. Ademais, os titores/as son os encargados de concertar as reunións con profesores de áreas, orientadora ou algún membro do equipo directivo; cando os pais/nais así o precisen.

A isto debemos engadir a xuntanza coas familias o inicio de curso que se realiza tódolos cursos académicos.

O centro colabora con outras institucións ou entidades ( QUEROTE +, CIM do Concello de Chantada, Centro de Prevención de Drogodependencias de Monforte, Cruz Vermella de Lugo , Universidades, Responsable do Plan Director de Mellora da Convivencia,...) para desenvolver programas preventivos no campo da Educación en Valores, sendo o Vicedirector e a xefa do D.O. a responsables de concretar, para cada curso, dita colaboración.

## 7. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

- **ADAPTACIÓNS CURRICULARES:**

  Como medida extraordinaria de atención a diversidade compre a participación do DO, Xefatura de estudos, Titor/a, equipo de profesores e pais/nais do alumno/a que vai ser obxecto de dita medida.

  O primeiro paso que se debe dar é que o titor/a eleve a proposta, formulado polo equipo de profesores do alumno/a, a xefa do D.O. que deberá elaborar un

Informe Psicopedagóxico (para o que é preciso solicitar autorización dos pais) co que confirmar a proposta do equipo de profesores.

Se se confirma a proposta expresada polo titor/a, será preciso informar os pais da medida que se propón para o seu fillo (os pais terán que asinar unha nova autorización) e elevarase a proposta de organización da atención educativa (que elaborará a xefa do D.O. xunto coa P.T.) do alumno/a a Xefatura de estudos.

Unha vez informados os pais das accións que se van levar a cabo, a xefa do D.O. elaborará o D.I.A.C. (ANEXO I) e, xunto coa P.T., asesorará o profesorado responsable na elaboración da ACS máis axeitada para ese alumno/a.

- **APOIO DA PT:**

  A P.T. atenderá, preferentemente, ó alumnado con n.e.e.; cando no centro non estén escolarizados alumnos/as con estas necesidades ou o seu número lle permita atender a máis alumnos/as poderá atender a outro alumnado.

  Ademáis do ACNEE, a P.T. atenderá o alumnado que sexa obxecto dunha A.C.S. Neste caso a P.T. poderá traballar dentro ou fora da aula ordinaria, preferentemente nas áreas instrumentais, coordinándose co profesorado da área correspondente.

  Será a xefa do D.O. en colaboración coa P.T. quen, o principio de cada curso, eleve a Xefatura de estudos a proposta de apoio para cada un dos alumnos/as que vaían recibir dita atención.

  Para que a P.T. poida iniciar o seu apoio con cada alumno/a, será preciso que os pais/nais ou titores legais dos mesmos/as asinen un documento de autorización de medida de apoio (ANEXO II).

- **EXENCIÓN 2ª LINGUA ESTRANXEIRA:**

  O alumnado dos cursos 1º e/ou 2º ESO que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de 2ª Lingua Estranxeira. Neste caso recibirá RE naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do D.O.,

no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada (ANEXO III). Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a.
A competencia da decisión recaerá no Director, oídas as nais/pais.

- **EXENCIÓN CUALIFICACIÓN LINGUA GALEGA:** tal e como se indica na Resolución do 22 de maio de 2018, artigo 9.6 e artigo 21, o alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia na ESO e no Bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da matira de Lingua Galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

  Non terá dereito á exención o alumnado que tivese realizado estudos en Galicia e curse fóra da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore ao sistema educativo galego.

  O documento que terán que cubrir os proxenitores do alumnado e o Anexo da Consellería co código de procedemento ED332A.

- **FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA:**

  Tal e como se establece no artigo 3 da Orde do 14 de agosto de 2014 pola que se regula o acceso e a admisión aos ciclos de formación profesional básica e se autoriza a súa oferta para o curso 2014/2015, os requisitos de acceso á oferta obrigatoria son:

  a) Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.

  b) Ter cursado o 3º curso da E.S.O. ou, excepcionalmente, ter cursado o 2º curso.

  c) Ser proposto/a polo equipo docente ao pai, á nai ou á persoa que teña a titoría legal para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica.

  Compre que o alumno ou alumna cumpra de forma simultánea os requisitos que acabamos de sinalar, así como o consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais do alumno/a, para cursar estas ensinanzas.

  O procedemento para realizar a proposta de incorporación á oferta obrigatoria, coa que contamos no noso centro, é o seguinte:

a. O equipo docente dos grupos da E.S.O. con alumnado que poida ser proposto para realizar ciclos de formación profesional básica, xunto coa xefa do D.O., realizarán unha reunión onde se analice a situación escolar do alumnado en risco de non alcanzar o título de graduado en E.S.O. Nesta reunión establecerase unha relación do alumnado susceptible de se incorporar ás ensinanzas de formación profesional básica, que será asinada por todo o equipo docente e a xefa do D.O.

b. O titor/a elaborará para cada alumno/a o consello orientador, coa axuda da xefa do D.O., no que se fará constar:

+ As dificultades de aprendizaxe presentadas.

+ As medidas de atención á diversidade aplicadas, de ser o caso.

+ Os motivos razoados polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno/a se integren no ciclo de formación profesional básica.

O consello orientador emitirase por duplicado e irá asinado polo titor/a do alumno/a, en nome do equipo docente, a xefa do D.O. e a persoa encargada da dirección do centro.

c. A dirección do centro comunicaralles ao pai, nai ou aos/ás titores/as legais do alumno/a que este/a foi proposto/a para un ciclo formativo de formación profesional básica, e entregará un exemplar do consello orientador e o documento no que, de ser o caso, darán o consentimento para incorporar o alumno/a a estas ensinanzas.

O D.O. colaborará coa dirección do centro para informar a alumnado e as familias do alumnado proposto acerca das características xerais e das finalidades dos ciclos formativos da formación profesional básica.

d. O documento de consentimento deberá vir debidamente cuberto e asinado por calquera dos/as titulares da patria postestade ou representantes legais.

e. No caso de que os pais,nais ou os/as titores/as legais do alumno/a dean o consentimento para o/a incorporación a estas ensinanzas, a dirección do centro educativo entregaralles o documento de comunicación de

incorporación á formación profesional básica.( Anexo IV, Orde 13 de xullo de 2015)

f. Un exemplar do consello orientador e, de ser o caso, do documento de consentimento incluirase no expediente académico.

- **PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO:**

Segundo a Resolución do 11 de maio de 2018 pola que se ditan instrucións no curso académico 2017/18 para a implantación do currículo da ESO e do Bacharelato, artigo 10 "Programa de mellora do aprendizaxe e do rendemento":

+ Trala avaliación de setembro o equipo docente realizará unha proposta razonada do alumnado que podería incorporarse a este programa. Dita proposta concretarase a través dun Informe Individualizado no que constarán os seguintes datos: competencia curricular en cada materia, dificultades de aprendizaxe detectadas, medidas de atención a diversidade recibidas e motivos polo que se recomenda a súa incorporación ó P.M.A.R. Este informe trasladarase a xefa do D.O.

+ A xefa do D.O. realizará unha avaliación psicopedagóxica a cada alumno proposto. No informe pertinente indicarase o resume de dita avaliación , así como as conclusións das reunións mantidas co titor/a e coa familia do alumnos/a acerca da conveniencia de acceder o P.M.A.R.

Os pais/nais asinarán un documento de consentimento de incorporación o programa e o alumno/a asinará un documento de compromiso de aproveitamento do mesmo.

+ O Xefe de Estudos preside unha comisión a que asiste a Xefa do D.O. e o titor/a de cada un dos alumnos/as. Esta comisión analizar os informes pertinentes e realiza unha proposta definitiva de incorporación do P.M.A.R. o Director.

+ O Director envia unha solicitude de autorización do P.M.A.R. a Inspección Educativa. Dita solicitude incluirá unha relación dos alumnos/as propostos e do profesorado que impartirá cada un dos ámbitos do programa, así como os informes que elaborou a xefa do D.O. e o titor/a de cada alumno/a (ANEXO IV).

- **GRUPO DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR:**

  Esta medida destinada ao alumando estranxeira xa foi descrita no apartado de MAD extraordinarias, motivo polo que a continuación unicamente se indica o seu protocolo de actuación.

+ Protocolo de actuación:

1. Avaliación inicial coa emisión dun informe sobre a competencia curricular do alumno.

2. Informe psicopedagóxico .

3. Proposta de horario de permanencia no grupo (será dun máximo de 10 horas semanais,

principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental; o alumno deberá permanecer co

seu grupo ordinario de referencia no resto de materias).

4. Información á familia.

5. Solicitude de autorización á Inspección por parte da Dirección do centro.

+ Documentación necesaria:

- Informe de avaliación inicial.

- Informe psicopedagóxico elaborado pola XDO.

- Documento coa proposta de horario.

- Documento de información á familia.

- **GRUPO DE AQUISICIÓN DE LINGUAS:**

  Esta medida destinada ao alumando estranxeira xa foi descrita no apartado de MAD extraordinarias, motivo polo que a continuación unicamente se indica o seu protocolo de actuación.

+ Protocolo de actuación.

1. Avaliación inicial coa emisión dun informe sobre a competencia lingüística do alumno.

2. Informe psicopedagóxico elaborado pola XDO.

3. Proposta de horario de permanencia no grupo (será dun máximo de 24 horas semanais).

4. Información á familia.

5. Solicitude de autorización á Inspección por parte da dirección do centro.

+ Documentación necesaria.

- Informe de avaliación inicial

- Informe psicopedagóxico

- Documento coa proposta de horario

- Documento de información á familia.

- **FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN:**

Poderase solicitar a Inspección Educativa a flexibilización da escolarización de aqueles alumnos/as que polas N.E.E. que presenta así o requiran.

O procedemento a seguir para solicitar dita medida excepcional será o seguinte:

+ O titor/a xunto coa xefa do D.O. expresan a conveniencia de adoptar dita medida ó X.E.

+ A xefa do D.O. elabora un informe coas conclusión da Avaliación Psicopedagóxica a que se someteu o/a alumno/a e no que se determine a conveniencia ou non de levar a cabo dita medida. Así mesmo revisaráse o expediente do alumno/a para determinar tódalas medidas de atención a diversidade das que foi obxecto,con anterioridade, e que non resultaron suficientes para atender as súas necesidades específicas.

+ O titor/a, xunto co resto de profesores que impartan docencia o/a alumno, elaborarán a proposta da nova distribución horaria e a A.C.I. que precisa dito alumno/a segundo o disposto na Orde do 6 de outubro de 1996. En todo este proceso contará co asesoramento do D.O.

+ Informarase os pais da necesidade de levar a cabo dita medida, solicitándoselle a autorización da mesma. No caso de alumnado maior de idade, como o que está a cursar un ciclo formativo, será preciso a conformidade do alumno/a.

+ Remítese a Inspección Educativa a proposta de flexibilización curricular que incluirá: a proposta do D.O., a proposta da nova distribución horaria e A.C.I. que precisa o alumno/a, autorización dos pais ou conformidade do alumno/a, e fotocopia do libro de escolaridade ou de cualificacións do alumno/a.

Esta remitirá dita documentación á Dirección Xeral de Educación, á que corresponderá a autorización ou denegación da fragmentación.

- **ATENCIÓN EDUCATIVA HOSPITALARIA E DOMICILIARIA:**

O Protocolo de actuación para iniciar este media é o seguinte:

1. Solicitude da medida a instancia dos seus pais ou titores legais

2. Realización do programa individualizado de atención educativa.

3. Solicitude á Xefatura territorial a través da Inspección

+ Documentación necesaria.

· Solicitude da medida a instancia dos seus pais ou titores legais.

· Informe médico que xustifique a medida.

· Programa individualizado de atención educativa.

· Solicitude á Xefatura territorial correspondente a través da Inspección educativa.

- **AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS:**

A partir do Informe Invidividualizado de fin da etapa, no caso de alumnado procedente de Educación Primaria, ou do curso pasado, alumnado repetidor; o

titor/a do alumno elevará a xefa do D.O. unha proposta de incorporación a Agrupamento Específico. A esta engadirase a autorización dos pais de cada alumno/a e a proposta de Agrupamento Específico, que redactará a xefa do D.O. co visto e praze da Xefatura de estudos, que será remitida a Inspección Educativa para a súa autorización (esta proposta incluirá: selección do alumnado indicando os criterios aplicados, horario, profesorado que se vai a encargar da docencia, as áreas nas que se van constituír agrupamentos específicos, así como as correspondentes programacións didácticas adaptadas. Estas programacións partirán dos obxectivos e contidos mínimos establecidos no Proxecto Curricular do centro e, cando sexa preciso, dos obxectivos e contidos dos dóus últimos cursos de Educación Primaria. Deberase primar o carácter práctico e funcional dos contidos).

## 8. SEGUEMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

Unha vez aplicado este Plan, é necesario avalialo, para iso podémonos apoiar nos criterios de avaliación que estarán referidos aos obxectivos establecidos e que se desenvolven a través de diversos plans e programas nos que aparecen reflexados os criterios de avaliación asociados a cada un deses obxectivos.

Para a avaliación global seguiranse os seguintes pasos:

- **Avaliación inicial**: Recollida de datos e suxestións sobre este Plan nas reunións do Departamento de Orientación, na Comisión de Coordinación Pedagóxica e nas xuntanzas dos Seminarios e Departamentos didácticos, cando a houbese.

- **Avaliación do proceso**: Recollida de información a través das reunións periódicas do D.O e da CCP e das sesión de avaliación sobre as actividades realizadas, dando a coñecer o estado de desenvolvemento do Plan e analizando as dificultades que se presentan e propoñendo os cambios necesarios.

- **Avaliación final**: Realización dunha memoria cos datos aportados polos titores, os Departamentos, así como aqueles adquiridos a través de consultas, cuestionarios, entrevistas, contraste de experiencias, etc. Esta memoria incluirá:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros acadados,
- As dificultades atopadas durante o desenvolvemento das mesmas.
- Os factores que influíron nas dificultades, internas e externas os seus destinatarios.
- Os aspectos que será necesario modificar e mellorar para o próximo curso.
- As propostas de innovación necesarias.

Compre sinalar que o remate de cada curso académico a xefa do D.O. elaborará unha Memoria este Plan, na que se reflexarán as conclusións desta avaliación así como os plan de mellora que considere convinte o profesorado (a través das achegas da C.C.P.)

**9. CONCLUSIÓN.**

Este Plan de Atención á Diversidade é o documento no que se concretan tódalas actuacións e medias de atención á diversidade que un centro educativo deseña e desenvolve para adecuar a resposta aducativa as necesidades da totalidade do seu alumnado, procurando así o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional de cada un dos nosos alumnos/as; a través dos recursos necesarios para tal fin.

**10. ANEXOS.**

# ANEXO I:

# DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN CURRICULAR

**ALUMNO/A:**
**CENTRO:** I.E.S. "VAL DO ASMA"
**CURSO/CICLO:**
**DATA ELABORACIÓN:**

Este documento forma parte do expediente do alumno e ten carácter confidencial: Art. 9º da Orde de 6-10-95 (D.O.G. 7-11-95)

1.- DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A

NOME A APELIDOS DO ALUMNO:

DATA E LUGAR DE NACEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

CENTRO: "I.E.S. PERDOURO"

CURSO/CICLO ESCOLARIZACIÓN: .

CURRICULUM DE REFERENCIA:

DATA ELABORACIÓN DA A.C:

DURACIÓN PREVISTA DA A.C: UN CURSO.

ÁREAS CURICULARES ADAPTADAS:

## 2.- DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE

2.1.- Características físicas e sensoriais:
Non se detectan dificultades salientables

2.2.- Enfermidades padecidas ou crónicas:

## 3.- DATOS PSICOSOCIAIS

3.1.- Nivel madurativo intelectual/ aptitudinal:

3.2.- Trazos de personalidade:

3.3.- Adaptación persoal e social:

3.4.- Intereses mnifestados:

## 4.- DATOS DO CONTORNO SOCIO-FAMILIAR

4.1.-Nome e apelidos do pai: Profesión:

Nome e apelidos da nai: Profesión:

4.2.- Número irmáns: Lugar que ocupa entre eles:

4.3.- Expectativas familiares:

4.4.- Relacións:

**5.- DATOS DO CONTORNO ESCOLAR**

O alumno/a______________________ ____ estivo escolarizado durante o pasado curso nun grupo de ___ de ________________________, coas seguintes medidas de reforzo:
___________________________________________________________________________
____________________________________________________________________________
____________________________________________________________________________

Segundo consta no expediente académico a súa evolución foi ______________________ ___
________________________________________________________________________

No presente curso 20__/20__ está escolarizado nun grupo de __ de ESO, asiste a clases de apoio individualizadas á aula de Pedagoxía Terapéutica durante __ sesións e recibe reforzo durante __ sesións á semana.

## 6.- DATOS PEDAGÓXICOS

6.1.- Competencias xa adquiridas respecto do currículo de referencia:

6.2.- Necesidades Educativas:

O alumno/a ___________________presenta necesidades educativas especiais nas técnicas instrumentais básicas e a nivel conceptual nas áreas _________________________________ que lle dificultan poder seguir con aproveitamento os contidos propios do curso en que está escolarizado, polo que se considera a conveniencia de que siga unha A.C. que facilite o seu proceso de aprendizaxe potenciando o máximo desenrolo das súas capacidades.

6.4.-Áreas curriculares adaptadas:

Considerase conveniente adapta-las áreas de:

Áreas nas segue o currículo ordinario con R.E.:

**A programación das áreas adaptadas engádese a continuación**

**6.4.a.- PROGRAMACIÓN: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RECURSOS ESPECÍFICOS DA ÁREA**

**Alumno:**________________________________________________________

**ÁREA CURRICULAR ADAPTADA:** _________________________________

Cada profesor elaborará as Taboas pertinentes tomando como referente o Currículo, publicado do DOG, de referencia.

**7.-PLANIFICACIÓN DO SEGUIMENTO DA A.C.**

A presente adaptación curricular estará sometida a unha avaliación continua por tódolos profesionais que interveñen no proceso de aprendizaxe do/a alumno/a _______________ ______________________.

Segundo proceda, introduciranse as modificacións que se estimen convenientes. Ó finalizar cada trimestre e farase un informe do proceso de aprendizaxe do alumno para informar á familia.

**8.-PROFESIONAIS PARTICIPANTES**

- Profesora Titora:
- Profesores das áreas adaptadas:
- Profesor de P.T.:
- Director do centro:
- Orientador:

En Chantada ,___de______________de 20___.

Visto e prace,
O director/a do Centro

A Profesor/a Titor/a

Asdo.:

Asdo.:

**ANEXO II**

**AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

D./Dª con DNI en calidade de pai, nai ou titor/a legal, matriculada neste centro en º ESO.

Despois de ser informado/a das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a e

☐ Non autorizo a aplicación das medidas de atención educativa propostas desde o centro educativo.

☐ Autorizo a aplicación das seguintes medidas de atención educativa oportunas conducentes ao seu mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo.

- ☐ Apoio educativo por parte da profesora de Pedagoxía Terapéutica
- ☐ Exención da 2ª lingua estranxeira
- ☐ Exención da cualificación da Lingua Galega
- ☐ Adaptación curricular significativa nas seguintes materias.........................................................................................
- ☐ Incorporación a un curso por debaixo do que lle corresponde por idade.
- ☐ Outras medidas: Avaliación psicopedagóxica e conseguinte informe.

Autorizo a saída da aula.

Chantada, de setembro de 201

Asdo.:

O/A pai, nai, titor/a legal

**ANEXO III**

Vista a solicitude de **EXENCIÓN** das probas de avaliación inicial na materia de **SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA-FRANCÉS** para o ano académico **201 /1** presentada a favor de:

Don/a alumno/a de º de E.S.O. no I.E.S. VAL DO ASMA, en cumprimento do establecido na ***Resolución do 11 de maio de 2018***, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obligatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 01/08/2016) e exercendo a competencia delegada que me outorga o referido decreto

**RESOLVO CONCEDERLLE A EXENCIÓN** solicitada.

Contra esta resolución pódese presentar recurso ordinario ante o Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado desde a data de notificación, de acordo co desposto nos artigos 11 e 14º e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Chantada, de setembro de 201.

O Director

Asdo.:

**INFORME DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN:**

O alumno/a de º de E.S.O.

Presenta gran desfase curricular, é un alumno que está escolarizado en º ESO e presenta

A orientadora informou os pais ou titores legais do alumno/a e dacordo con eles, tal e como recolle a ***Resolución do 11 de maio de 2018***, da Dirección Xeral de Educación (DOG 01/08/2016), solicítalle á dirección do centro, que o alumno/a reciba apoio de Linguas durante as dúas horas semanais de 2ª Lingua Estranxeira Francés, quedando así exento de examinarse nesta materia.

Chantada, de de 201.

A orientadora

Asdo.:

# ANEXO IV

**INFORME DO TITOR/A PARA A PROPOSTA DE INCORPORACIÓN AO PMAR.**

Informe individualizado do/a alumno/a :

**1.- Competencia curricular do/a alumno en cada materia.** (Xúntase anexo con esta información.)

**2.- Dificultades de aprendizaxe presentadas.**

**3.- Medidas de atención á diversidade aplicadas.**

**4.- Motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o/a alumno/a se integre nun programa de mellora da aprendizaxe e rendemento.**

- Dificultades xeneralizadas de aprendizaxe.
- Situación de risco evidente de non alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa cursando o currículo ordinario.
- Expectativas razoables de que, coa incorporación ao programa, poderá alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa e, en consecuencia, obter o título de Graduado en Educación Secundaria.

Chantada, ........ de setembro de 201

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

# INFORME DE COMPETENCIA CURRICULAR

DATOS PERSOAIS E HISTORIA ESCOLAR

ALUMNO/A:

IDADE: DATA DE NACEMENTO:

CURSO CURSOS REPETIDOS:

NOME DOS PAIS:

ENDEREZO: TELF:.

TITORA:

¿Tivo dificultades xeralizadas de aprendizaxe en cursos anteriores? **SI** ☐ **NON** ☐.
¿Tivo medidas de RE ou AC? **SI** ☐ **NON** ☐.
¿Ten perspectivas razoables de acadar o título seguindo un PMAR de 2 anos? **SI** ☐ **NON** ☐.

## DESENVOLVEMENTO XERAL DO ALUMNO.

**Datos físicos e de saúde:**

## NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR, E IDENTIFICACIÓN DAS NEAE.

| DIFICULTADES EN RAZOAMENTO E CÁLCULO | | |
|---|---|---|
| | * | Observacións |
| 1. É lento en cálculo numérico: suma, resta, multiplicación e división. | | |
| 2. Comete erros na suma, resta, multiplicación ou división. | | |
| 3. Comprende os enunciados das preguntas ou problemas. | | |
| 4. Confunde números e comete erros na utilización de signos matemáticos. | | |
| 5. Realiza o cálculo numérico mentalmente. | | |
| 6. Razoa con lóxica os problemas. | | |
| 7. Establece relacións. | | |
| 8. Comete erros o operar con nº decimais ou fraccións. | | |

*** (1) SI (2) SI con dificultade (3) Con frecuencia (4) Case nunca (5) NON**

| **PLANIFICACIÓN DO TRABALLO E HÁBITOS DE ESTUDIO** | | |
|---|---|---|
| | * | **Observacións** |
| 1. Planifica o seu traballo na clase. | | |
| 2. Ten ao día o caderno e o material da clase. | | |
| 3. Utiliza dicionarios ou libros de consulta. | | |
| 4. Suliña cando analiza unha lectura. | | |
| 5. Fai resumos, esquemas, anotacións, etc. | | |
| 6. Presenta con limpeza as probas e os traballos escritos. | | |
| 7. É ordenado e responsable no traballo. | | |

*** (1) SI (2) SI con dificultade (3) Con frecunecia (4) Case nunca (5) NON.**

| **DIFICULTADES EN LECTOESCRITURA** | | |
|---|---|---|
| | * | **Observacións** |
| 1. Comprende o que le. | | |
| 2. Le de maneira expresiva. | | |
| 3. Entoa adecuadamente. | | |
| 4. Omite ou confunde letras, sílabas,etc. | | |
| 5. Usa un vocabulario variado. | | |
| 6. Coñece e utiliza adecuadamente as normas ortográficas. | | |
| 7. A súa caligrafía é clara e lexible. | | |
| 8. Ordea de maneira lóxica as súas ideas. | | |

*** (1) SI (2) SI con dificultade (3) Con frecuencia (4) Case nunca (5) NON.**

| **DIFICULTADES EN ATENCIÓN E CONCENTRACIÓN** | | |
|---|---|---|
| | * | **Observacións** |
| 1. Presenta interese polas tarefas que realiza. | | |
| 2. Ten facilidade para concentrarse. | | |
| 3. O seu ritmo de traballo é lento. | | |
| 4. Distráese con facilidade. | | |
| 5. Traballa con rapidez e boa atención. | | |

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

| | | |
|---|---|---|
| 6. Efectúa o seu traballo correctamente pero con lentitude. | | |
| 7. Só se concentra cando lle interesa. | | |

*** (1) SI (2) SI con dificultade (3) Con frecuencia (4) Case nunca (5) NON**

| COMPORTAMENTO E ACTITUDE NA CLASE | | |
|---|---|---|
| | * | **Observacións** |
| 1. Presenta interese polo traballo | | |
| 2. Participa na clase | | |
| 3. Traballa en grupo | | |
| 4. Respecta as normas de convivencia | | |
| 5. Amosa apatía e despreocupación polo traballo escolar | | |
| 6. Esfórzase por mellorar | | |

*** (1) SI (2) SI con dificultade (3) Con frecunecia (4) Case nunca (5) NON.**

| ÁREA AFECTIVO-SOCIAL | | |
|---|---|---|
| | * | **Valoración** |
| 1. Como reacciona ante o fracaso? | | |
| 2. Como reacciona ante as críticas? | | |
| 3. Autoavalíase positivamente? | | |
| 4. Colabora co grupo? | | |
| 5. Está integrado no grupo e no centro? | | |
| COMENTARIOS | | |

| ESTILO DE APRENDIZAXE | |
|---|---|
| | **Valoración** |
| 1. En qué áreas está mais interesado? | |
| 2. A qué tipos de reforzos responde? | |
| 3. Está motivado para aprender/que lle motiva mais? | |
| 4. Como traballa mellor: gran grupo / grupo pequeño /individual? | |
| 5. Como é o seu ritmo de aprendizaxe? | |

## ANEXO IV

## INFORME INCORPORACIÓN A PMAR DO D.O.

### 1. DATOS PERSOAIS

**Nome do alumno:**
**Data nacemento:**
**Idade:**
**Nacionalidade:**
**Enderezo:**

**Escolarización centro:** I.E.S. VAL DO ASMA
**Localidade:**
**Provincia:**
**Curso**:
**Teléfono de contacto:**

### 2. HISTORIA ESCOLAR DO/A ALUMNO/A

Este alumno repite o º curso de ESO por obter avaliación negativa na avaliación extraordinaria (201 /201 ) nas seguintes materias:

Respecto ás medidas de atención á diversidade aplicadas a este alumno durante o curso 201 /201 destaca a exención da 2ª lingua estranxeira.

Despois de ter efectuada a avaliación extraordinaria obtén avaliación negativa nas seguintes materias:

### 3. DATOS FAMILIARES

**Nome da nai:**

### 4. DATOS DA AVALIACIÓN

- **Motivo:** proposta de incorporación a PMAR
- **Data:**
- **Probas aplicadas:**

## 5. DESENVOLVEMENTO XERAL DA ALUMNA

- **DATOS MÉDICOS:.**
- **NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR.**

## 6. OPINIÓN DO ALUMNO E DOS SEUS PAIS PARA O ACCESO AÓ PMAR

| | De acordo | Indiferente | En desacordo |
|---|---|---|---|
| Opinión do alumno | | | |
| Opinión do pai/nai/titor legal | | | |

## 7. CONCLUSIÓNS

Da información recollida sobre o contexto escolar, socio-familiar e as características individuais do alumno (historia escolar, desenvolvemento xeral, proceso de ensino/aprendizaxe e necesidades educativas) pódense establecer as seguintes conclusións:

O alumno presenta dificultades académicas que poñen en risco o alcance das competencias básicas e os obxectivos para a obtención do título da ESO. É un alumno que podería presentar abandono escolar, polo que consideramos como resposta educativa máis axeitada a súa incorporación ao PMAR polos seguintes motivos:

- Estimular o interese de novo nos estudos.
- Facilitar o seu desenvolvemento académico e persoal así como o seu potencial de aprendizaxe para que lle permita acceder aos estudos de 4º da ESO e poder proseguir os estudos noutras ensinanzas.
- Atender ao seu estilo de aprendizaxe, motivacións e intereses.

**Á vista destas conclusións, recollidas a opinión do alumno e a dos seus pais (ver anexo) considérase pertinente a súa incorporación ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR).**

Chantada, de de 20

Asdo.:

Xefa do Departamento de Orientación

# ANEXO V: PROGRAMAS DE HHSS

## A. PROGRAMA BÁSICO DE HHSS

### 1. XUSTIFICACIÓN.

Desde a LOE promóvese unha escola comprensiva e diversificadora, que demanda una educación integral na que se recoñece a diversidade do alumnado y e preténdese favorecer o seu desenvolvemento integral, o que implica facilitar o desenvolvemento de capacidades cognitivas, afectivas, motrices, de comunicación e interacción social; sin deixar de lado a doble dimensión do home como ser individual y como ser en sociedade.

E é que o ser humano é un ser social, pois atópase en constante interacción social. Para que se produzan esas interaccións é preciso dominar unhas regras ou normas, por iso son tan importantes as HHSS que Pelechano define como "aquelas que nos permiten habérnoslas co mundo persoal e social". Según Michelson e outros (1987) estas HHSS adquierense principalmente a través da lenguaxe, incluen comportamentos verbais e non verbais, supoñen iniciativas e respostas efectivas e apropiadas, acrecentan o reforzamento social, son recíprocas, a súa práctica está influida polas características do medio (factores tales como a edade, sexo e status do receptor afectan á conduta social do suxeito) ...

O desenvolvemento das HHSS resulta especialmente importante na adolescencia, etapa de transición evolutiva na que o alumnado debe hacer frente a múltiples conflitos que deben resolver de maneira positiva logrando unha readaptación adexeitada: inician o contacto con outro sexo, conflitividade cos pais, preferencia polo grupo de iguais, presión do grupo de iguais, facilmente influenciable polos medios de comunicación, pouca percepción do risco, deben aprender a dicir non,...

Por outro lado, hoxe en día contamos con datos empíricos que ponen de manifesto a sólida relación existente entre un axeitado funcionamento social e a adaptación social, académica ou laboral e psicolóxica na infancia, na adolescencia e na vida

adulta. Numerosas investigacións atoparon que o éxito nas relacións interpersonais con aspectos xerais do funcionamento psicosocial, tales como: autoestima, benestar, felicidade, afrontamento de situacións sociais conflitivas, apoio social proporcionado polos pais e compañeiros ante eventos estresantes, adaptación escolar e éxito académico, desenvolvemento de amistades, aceptación y popularidade entre os compañeiros e éxito nas citas co sexo oposto. Polo contrario, as dificultades nas relacións interpersonais (déficit de asertividade, ansiedade social, ira,...) atópanse relacionadas cunha gran variedade de problemas. Concretamente os adolescentes con altos graos de ansiedade social caracterízanse por presentar: deterioro no seu rendimento académico debido á escasa participación na clase, á resistencia a presentar traballos en público e á tendencia a evitar preguntar ao profesor; fracaso nas citas, evitación das relacións cos compañeiros, o que xenera aislamento e sentimentos de soidade; depresión, debida a la baixa tasa de reforzamento social;  e déficit de HHSS concomitantes que conducen a unha relación disfuncional cos pais, xa que impiden a comunicación, negociación e resolución de conflitos efectiva e aumentan o risco de consumo de drogas legais e ilegais e a probabilidade de presentar trastornos da alimentación.

Por outra parte, os adolescentes con comportamientos agresivos poden presentar problemas máis serios, como trastornos de conduta o conduta antisocial. Os adolescentes con estés trastornos sufren, a menudo, o rechazo dos seus compañeiros, teñen relacións conflitivas cos adultos, presentan unha tasa elevada de absentismo escolar, abusan do alcool e as drogas e comenten actos delictivos.

Para evitar todos estos problemas, desenvolveremos o siguinte programa de HHSS que se sitúa dentro da vertiente personal da orientación, que ten como finalidade esencial favorecer o desenvolvemento socio-afectivo do alumno, e que nos permitirá previr/intervir ante problemas de conduta que poidan xurdir ou que detectemos.

## 2. MARCO LEGAL.

Para elaborar este programa básico de HHSS tivemos en conta o establecido no seguinte marco legal:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación que establece o novo marco no que se van desenvolver todas as accións educativas, incluída a orientación. Polo que a través das nosas actuacións contribuiremos a garantir os principios básicos da devandita lei: Educación de calidade, Equidade no seu reparto e Esforzo compartido por toda a comunidade educativa.
- Decreto 120/ 98 do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 27/4/98).
- Orde do 24/ 7/ 98 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 31/ 7/ 98).
- Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de Convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 3. CONTEXTUALIZACIÓN Y DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES.

Situámonos no I.E.S. "Val do Asma" de Chantada, na zona da interior da província de Lugo onde predominan o sector primario. O nivel socio-económico da zona é medio-alto, tasa de ocupación elevada, destacando a gandería e a viticultura como principal actividade económica. Entre a poboación, destaca un número importante de familias inmigrantes procedentes do estranxeiro.

Podemos considerar que estamos ubicados nun entorno máis ben tranquilo, onde non son alarmantes os problemas de seguridade e marxinación.

No I.E.S., impártense:

- Educación Secundaria Obrigatoria
- Bacharelato.
- Formación Profesional Básica.

- Ciclos Formativos de Grao Medio e Grao Superior
- FP DUAL

O claustro de profesores está constituído por 50 persoas, entre elas unha mestra de Pedagoxía Terapéutica e unha orientadora. O alumnado que recibimos procede do CEIP "Xosé Luis Taboada" e do CEIP "Eloísa Rivadulla", polo tanto do Concello de Carballedo e do propio Concello de Chantada.

A descrición e as características do noso instituto están desenvolvidas de forma exhaustiva no P.E.C. Para un maior coñecemento do noso centro cómpre remitirse ao devandito documento que trata sobre: descrición do alumnado, familias, persoal docente e non docente, contorno social, estructura e instalacións, actividades co alumnado e familias, relacións, oferta educativa... Se ven resultará máis operativo acudir a PXA.

**Diagnose do estado actual da convivencia no centro**

Da valoración da convivencia, fruto da avaliación levada a cabo dende os diferentes sectores da comunidade educativa, puidose extraer as seguintes conclusións:

O clima de convivencia existente é considerado, en xeral, bó. Non se observan serios problemas, aparecendo, de forma esporádica, algún conflito, sobre todo no primeiro Ciclo da ESO, relacionado con: desobediencia, faltas de respecto, insultos, alteración da dinámica das clases,... Consideramos que son casos illados aqueles nos que precisamos tomar medidas severas.

(Os resultados da avaliación realizada por parte dos diferentes sectores da comunidade educativa están recollidos no PCE)

Gustaríame destacar que tenemos un importante número de alumnos/as diagnosticados con TDAH, algún dos cales manifesta de fora continua condutas disruptivas leves.

**Respostas do centro a estas situacións**

Polo xeral, o profesorado intenta solucionar, co alumnado implicado, os pequenos conflitos que se xeneran na aula. Só, en casos necesarios, solicítase o apoio do

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

Equipo directivo que á vez ponse en contacto co Departamento de Orientación para coordinar a resposta educativa máis adecuada para solucionar o conflito.

As estratexias educativas, que fundamentalmente aplicamos son: o diálogo, a petición de disculpas e o compromiso aceptado por cada unha das partes implicadas, así como, algunha medida disciplinaria de carácter menor como pode ser: parte de incidencias (o procedemento a seguir está establecido no NOF), pequenos castigos,... As situacións particulares que afectan á convivencia e resolución de conflitos, temos por costume comentala coa familia e implicala na súa resolución.

Compre destacar que o curso pasado o centro desenvolveu, dentro dos Contatos-Programa, o de Mellora da Convivencia e Promoción da Igualdade nos centros. De modo que, co alumnado de 1º ESO, se levou a cabo un Programa de Mediación. No curso 2017-2018 solicitamos continuar con dito Contrato-Programa.

Entre as medidas máis severas que podemos aplicar, en algún caso, son: expulsión ou apertura de expediente disciplinario.

Temos que deixar constancia que son aspectos contemprados no noso N.O.F.

Aínda que os problemas de convivencia son escasos, si é certo que a obrigatoriedade de escolarización ata os 16 anos trouxo consigo a presenza nas nosas aulas dun sector de alumnado que non se habitúa ás actuais exixencias educativas, xerando, ás veces, conflitos e frustraccións que nos levou, neste curso a reflexionar sobre a necesidade de deseñar e implementar algún plan de actuación que redunde nunha mellora do clima de convivencia nas aula e no propio centro, motivo polo que trataremos de aplicar o Programa de Mediación co alumando de 1º e 2º ESO (algo que resultaría máis sinxelo se fose concedido dito Contrato-Programa).

**Relación coas familias e a comunidade**

A relación coas familias é, en xeral, satisfactoria. Cómpre destacar a continua afluencia de pais-nais en hora de titorías.

**Experiencias de convivencia levadas a cabo no centro ao longo do curso:**

- Comentario sobre Dereitos e Deberes do alumnado recollidos no NOF. Esto

fíxose a inicio de curso na hora de titoría.

▪ Elaboración de normas de convivencia na aula. Na titoría de alumn@s nunha das primeiras semanas de curso.

▪ Aplicación de Sociogramas en algún aula onde se detectaron certos problemas de disciplina, alumnado illado ou rexeitado,...

▪ Conmemoración do "Día contra a violencia de Xénero", "Día dos Dereitos Humanos" e o "Día da Paz".

▪ Obradoiro de Educación en Valores e Dereitos Humáns para alumnado de 3º e 4º de ESO impartido por Cruz Vermella.

▪ Reunión de Equipo de profesores, Equipo directivo e Departamento de Orientación para buscar estratexias específicas para solucionar algún conflito de aula.

▪ Coordinación-colaboración con Servizos Sociais, sanitarios, etc.

**Necesidades de formación:**

Consideramos necesario introducir a formación permanente do profesorado, familias e alumnado en temas relacionados coa resolución de conflitos.

Se ben e certo que no curso 2016-2017 iniciose a formación do alumnado de 1º ESO e dalgún profesado no campo de mediación escolar, consideramos necesario manter e incrementar actuacións como estas.

Tamén tivemos en conta outros aspectos como: que son alumnos que non participan demasiado nas actividades complementarias e extraescolares propostas no centro, polo que será convinte revisalas en función dos intereses que manifestan os alumnos; uso das redes sociais en exceso, observáronse discusións entre os/as alumnos/as con escasas estratexias asertivas, estratexias inapropiadas na resolución de conflitos, baixo autoconcepto e autoestima; respecto á familia: os estilos educativos dos pais tenden á permisividade, pouca relevancia do éxito académico, descoñecemento das novas tecnoloxías,...

Toda esta información obtivémola mediante a observación do comportamento dos diferentes membros da comunidade educativa, sociogramas que indicaron como funcionan os distintos grupos, cuestionarios aos pais/profesores e alumnos sobre

HHSS que poseen, nivel de interacción social, disponibilidade para colaborar, autoestima y control emocional, conclusións das actuacións promovidas para a elaboración do PCE,...

**4. DESEÑO:**

**4.1. OBXECTIVOS.**

Tendo en conta os resultados desta avaliación inicial perseguiremos os seguintes obxectivos:

+ Favorecer o desenvolvemento psicosocial do alumnado.

+ Tomar conciencia da importancia das habilidades interpersonais.

+ Mellorar a competencia social e emocional para interactuar de forma axeitada coas personas do entorno.

+ Desenrolar un autoconcepto e autoestima positivo e equilibrado.

+ Incrementar as actitudes de solidaridade e cooperación.

+ Promover o comportamento asertivo.

+ Desenvolver estratexias axeitas de negociación.

+ Evitar pensamientos negativos.

+ Adquirir ou mellorar a capacidade de dar unha negativa.

+ Desarrolar a capacidade de empatía.

+Impulsar a participación do alumnado na confección das normas de aula.

+ Impulsar a participación na organización e funcionamento da aula e do centro, potenciando a responsabilidade, autocontrol e cooperatividade.

+ Diseñar un servizo de mediación escolar que se poida poñer en práctica nos vindeiros anos.

+ Orientar ás familias sobre como desenvolver estratexias axeitadas de comunicación con sus hijos.

+ Informar ás familias de que no centro se está desenvolvendo un programa de HHSS.

+ Formar aos padres sobre a importancia do estilo democrático.

+ Mellorar la coordinación docente.

+ Sensibilizar ao profesorado da importancia de desenvolver as actuacións previstas no programa.

+ Incrementar a formación do profesorado no desenvolvemento de HHSS.

**4.2. BLOQUES DE CONTIDOS.**

Para a consecución de tales obxectivos desenvolveremos as seguintes sesiones:

+ AUTOESTIMA:

- Como me vexo e como me ven.
- Que sei facer.
- Que e como poido mellorar.
- Como me sinto.
- Cales son as miñas cualidades.

+ TIPOS DE COMPORTAMENTO:

- Pasivo.
- Agresivo.
- Asertivo.

+ ASERTIVIDADE:

- Situacións que requiren ser asertivo.
- Que é a asertividade.
- Razóns para no ser asertivo.
- Habilidades asertivas de carácter verbal e non verbal.
- Resistindo á presión dos iguais.

+ CONTROL EMOCIONAL:

- Situacións que xeneran ansiedade e ira.
- Respostas habituais ante ansiedade e ira.
- Técnicas de control emocional:
- Respiración profunda.
- Ensaio mental.
- Pensamento positivo.
- Exercicios de relaxación.

+ EMPATÍA: que é e ventaxas.

+ TOMA DE DECISIÓNS OU RESOLUCIÓN DE CONFLITOS:

- Situacións nas que tomar decisións: sinxelas ou difíciles.
- Que é e compoñentes da toma de decisións.
- Proceso de toma de decisións.

+ HABILIDADES DE COMUNICACIÓN:

- Que é e tipos de comunicación.
- Iniciar, manter e finalizar unha conversación.
- Evitar os malentendidos.

+ HABILIDADES SOCIAIS:

- Timidez.
- Atracción.
- Habilidades para ligar.
- Como negociar co pais.

+ AFRONTAR OS ERROS.

+ MODIFICAR PENSAMENTOS NEGATIVOS.

+ APRENDER A DECIR NON.

+ TOLERANCIA E COOPERACIÓN:

- Tolerancia e intolerancia.
- Importancia da cooperación.

## 4.3. METODOLOXÍA.

*a. ASPECTOS METODOLÓXICOS:*

A línea de traballo que deberíamos levar a cabo ríxese pola elaboración conxunta de materiais para a titoría, actualmente contamos con un amplo dossier de actividades para a E.S.O., que servirán como punto de partida. Tendo en conta a particularidade de que este programa diséñase para a Aula de atención educativa e convivencia que ten unha serie de particularidades, o que nos levará a adaptar ditas líneas metodolóxicas.

Tomaremos como referentes os principios metodolóxicos sinalados na lexislación vixente, polo que desenvolver tales bloques de contidos recurriremos ás seguintes

técnicas metodolóxicas:

- Utilizar unha metodoloxía activa, participativa, interactiva e constructiva.
- Partir das ideas previas dos alumnos/as, favorecendo aprendizaxes funcionais, significativos e constructivos.
- Favorecer actitudes positivas caro o aprendizaxe e a utilización das técnicas de estudo, a igualdade de xénero, a resolución pacífica de conflitos,...
- Desenvolver estrategias de Aprender a aprender, resolución pacífica de conflitos, hábitos saúdabres, ...
- Recurrir a la técnica de Mediación sempre que sexa posible, xa que é preciso a participación voluntaria de tódolos implicados.
- Utilización de técnicas de dinámica de grupos, aprendizaxe por modelado, aprendizaxe por descubrimento e autoinstrucións.

*B. Actividades:*

Para o desenvolvemento de tales bloques de contidos empregaremos as seguintes actuaciones:

AUTOESTIMA

- Actividades favorecedoras dun autoconcepto e autoestima positivo e equilibrado:

+ O espello: descripción física de cada alumno e comparación desta co a que fan os seus compañeiros sobre el. O mesmo fam coa súa forma de ser.

+ Cuestionario: gustame/ no me gusta /lles gusta os meus compañeiros.

+ Avaliación inicial con obxecto de determinar os seus coñecementos previos sobre a autoestima, con preguntas como:

- ¿Que entiendes por autoestima?
- ¿Crees que a autoestima está relacionada coa forma en que nos comportamos?, ¿ por que?
- ¿Como pensas que pode ser a autoestima?
- ¿Como crees que é a túa autoestima?

ALTA BAIXA

- ¿Como pensas que pode mellorar a túa autoestima?

+ Entre todos elaboran unha definición de autoestima e a contrastan coa que ofrece o titor.

+ Role planning sobre persoas con baixa autoestima, desproporcionada autoestima, e alta autoestima; para observar a relación entre autoestima e os diferentes estilos de comportamento. O titor ofrece axuda proporcionando a seguinte información:

AUTOESTIMA BAIXA reflexa: comportamento pasivo, déficit en HHSS (defectos de conduta).

AUTOESTIMA DESPROPORCIONADA reflexa: comportamento agresivo, déficit en HHSS (excesos de conduta).

AUTOESTIMA ALTA/ NORMAL reflexa: comportamento asertivo, boas HHSS (conduta axeitada).

+ Phillips 6/6: ventaxas que atoparás unha autoestima alta e inconvientes da autoestima baixa. Posterior posta en común e elaboración dun mural coas conclusións que colocaremos na entra do centro.

+ En pequeno grupo os alumnos propondrán cousas que nos axudarían a mellorar a nosa autoestima. As conclusións reflexaranse noutro mural que colocaremos en frente do anterior.

+ O experimento: escollense a tres suxeitos ao azar, e durante 15 días propónselles diversos problemas fáciles de resolver. Ao final de cada sesión, ao primer individuo ofreceráselle apoio positivo, ao segundo individuo faránselle comentarios negativos e o tercer individuo faránselle comentarios neutros. En realidade, estos comentarios estaban xa decididos con anterioridade, e os exercicios non se correxían. Preténdese ver que efectos producen os distintos comentarios na conduta de cada cal.

+ Cineforum para todo el centro. Recurriremos a la película "Amèlie" con obxecto de traballar a autoestima a nivel de centro. A película non será una actividade puntual, xa que irá acompañada dunha guía didáctica que inclue actividades antes, durante y ao finalizar o filme.

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

- ANTES: actividades para enfocala atención.
- DESPOIS: que sentían os protagonistas, que farías no seu lugar, buscar na sopa de letras cualidades dos protagonistas, adiviña quen dixo ... (frase da película para que digan quen o dixo, cando e que significa), debate sobre as ideas importantes da película, investigación sobre algún tema proposto na película e que lles interese os nosos alumnos ( por exemplo os Impresionistas)

TIPOS DE COMPORTAMENTO

+ Representación de roles sobre comportamento social pasivo, agresivo e asertivo ante una mesma situación:

1. A túa nai pídeche que fagas a compra. Cando pagas daste conta de que che devolven 3 euros menos.
2. O teu amigo colleuche o teu MP3 sen pedírcho antes.
3. Un señor maior que está sentado o teu lado no autobús faite tusir co fume do seu cigarrillo.

Tralas representacións cada alumno debe responder á seguinte cuestión: ¿Como é e se comporta esa persona?

+ Enquisa a nivel de centro coa seguinte cuestión: ¿Como crees que é o teu comportamento? O profesor de matemáticas axudará aos alumnos a someter os datos a unha análise estadística para publicar as conclusións no xornal escolar, como primeira entrega de toda unha serie de artígos que inviten a un comportamento asertivo.

+ En pequeno grupo os alumnos deben sinalarr diferentes formas de agresividade, en que situacións son máis frecuentes y como actuar ante elas.

+ Role planning para identificar os estilos de respota interpersoal:

1. Estás estudando para un exame. O teu veciño fai moito ruido co equipo de música.
2. Cada vez que o teu curmán vai a túa casa soe gastarche bromas que non che fan ningunha graza.
3. Un rapaz cólase no cine como se nada e iso é algo que te irrita moitísimo.
4. O teu amigo retrasouse 30 minutos e quedastedes sen entradas de cine

para ver esa película.

5. Ves como un amigo teu búrlase dun dos teus compañeiros de clase.

ASERTIVIDADE

+ Entre todos elaboran unha definición de asertividade e ventaxas de ser asertivo.

+ Plantexar situacións nas que se pide a unha persona que faga algo que non quere para ser aceptada no grupo: fumar, beber alcool,... ¿Que faríais vós?

CONTROL EMOCIONAL

+ Comentario da actividade de terceiros: situacións que xeneran ira ou ansiedade. Observamos como se comportan, as consecuencias das súass accións e propoñemos un comportamento alternativo: a asertividade.

1. Hoxe tocáballe fregar os platos a teu irmán, pero el empéñase en que che toca a ti. (Se representará cun comportamento agresivo).

2. Vas a unha tenda a comprar un CD dun grupo que che gusta un montón. Cando chegas a casa, ábrelo e daste conta de que está estropeado. Decides ir á tenda a devolvelo.

+ Cada un elabora unha lista na que escriben situacións que xeneran ira/ ansiedade. Posto en común para clasificalas de maior a menor ira ou ansiedade. Para posteriormente practicar as diferentes técnicas de relaxación en situacións cotiás para os nosos alumnos.

Un grupo de alumnos voluntarios elaborará un artígo para o xornal escolar sobre ditas técnicas de relaxación.

EMPATÍA

+ En gran grupo elaboramos unha definición de empatía, contrástase coa que proporcione o titor. Logo unha choiva de ideas sobre a importancia da empatía.

+ Poñerse no lugar do outro: profesor que pide silencio na clase, pais que piden o seu fillo que volva a casa ás doce da madrugada e non aparece hata a unha, os teus compañeiros de clase se burlan de ti. Despois de imaxinarse tales situacións deben responder ás seguintes preguntas: ¿Como te sentisches?, ¿ Que se pode facer nesa situación?

TOMA DE DECISIÓNS

+ Simulación de resolución de problemas habituais: a que hora volver a casa, fiestras de clase abertas ou pechadas,... ¿Que faces en tales situacións?

+ Comparar os pasos, sinalados na tarefa anterior ao enfrentarse a un problema, cos cinco pasos para tomar unha decisión de forma reflexiva que propon o profesor a través dunha transparencia. Poner en práctica tales pasos.

+ A nivel de centro visionado dunha película, que irá acompañada dunha guía didáctica que nos permita realizar actividades ANTES/ DURANTE/ DESPOIS da mesma.

HABILIDADES DE COMUNICACIÓN

+ Choiva de ideas sobre como iniciamos/ mantemos e concluimos unha conversa.

*C. Recursos:*

- Recursos humáns: tódolos membros da comunidade educativa (pais/nais, profesorado, alumnado, persoal non docente, departamento de orientación, CCP, observatorio da convivencia escolar), servizos socias do concello de Burela, unidade de prevención de drogodependencias do concello de Burela, Equipo específico de Orientación de Lugo, psicólogo infantil de Burela, monitores do concello que desenvolverán os programas de "prevención da violencia de xénero" e "fomento da cultura da paz",...

- Recursos materiais:

- Normar de Organización e Funcionamento do centro.
- Programación Xeral Anual.
- Plan de Orientación Educativa e Plan de Acción Titorial.
- Materiais elaborados para o anterior Plan de Convivencia Escolar.
- Materiais elaborados polo D.O. para as titorias (programa de HHSS para Formación Profesional Básica e tódala E.S.O., dinámicas grupais para fomentar a resolución pacífica de conflitos, actividades para previr a violencia de xénero, actividades organizadas para conmemorar o Día Escolar da Paz,...)
- Material bibliográfico dispoñible no D.O.:

+ García Rincón, M. e Vaca López, E. (2006): CONVES. Programa para Mejorar la Convivencia Escolar. TEA: Madrid.

+ CINE AULA. Educando con el Cine: relaciones interpersonales.

+ Xunta de Galicia (2007): Plan galego de Convivencia Escolar.

- **Páxinas web:**

+ Portal de convivencia do MEC: http://www.convivencia.mec.es/

+ Seminario Galego de Educación para a paz: http://www.sgep.org/

+ Educación en valores: convivencia. Http://www.educacionenvalores.org/

+ Programa de cine e saúde do goberno de Aragón: http://portal.aragon.es/portal/page/portal/SALUDPUBLICA/CATALOGO/Programa%20Cine%20y%20Salud

+ Convivencia escolar noutros centros: http://orientacionandujar.wordpress.com/2009/01/17/dia-de-la-paz-actividades-para-clase/

+ Interculturalidade: http://www.aulaintercultural.org/

+ Premios nobel para obter información sobre as persoas coas que se traballarán na elaboración das cartulinas que adornarán o centro durante a Semana da Paz.

+ Youtube para traballar con dous curtos sobre interculturalidade: "Proverbio Chino", "Hiyab".

**4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

Para valorar este programa teremos en conta entre outros os seguintes criterios de avaliación:

- Aplicabilidade e funcionalidade das distintas estratexias na aula.
- Satisfacción dos diferentes integrantes.
- Nivel de implicación da comunidade docente.
- Incremento dos comportamento axeitados socialmente.
- Adecuación das actividades propostas.
- Eficacia e eficiencia.
- Contextualización.
- Partir das necesidades detectadas.

## 5. IMPLEMENTACIÓN DO PROGRAMA.

Este programa canalizaráse a través do POAP e de todas as áreas do currículum, sen esquecer as actividades complementarias e extraescolares, é dicir, de forma mixta tal e como sinala Rodríguez Moreno. Por tanto, é responsabilidade de todo o profesorado o seu desenvolvemento, coordinados polos titores dos respectivos grupos e apoiados polo departamento de orientación.

Moitas das actividades plantéxanse en gran grupo, coa finalidade de fomentar a participación activa do alumnado en actividades grupais e o desenvolvemento da competencia social e cidadã.

Para poñer en marcha este programa é preciso lograr implicar ao grupo de titores para que sexan capaces de dinamizar tales actividades desde o propio centro e poidan plantexarse desde un enfoque interdisciplinar e participativo.

A estes profesores do departamento de orientación garantizaráselle unha formación inicial e unha formación permanente e, o mesmo tempo, o asesoramento técnico necesario, os recursos e o tempo suficiente para poder asumir estas funcións.

Algunhas das nosas responsabilidades ou actuacións serán:

1. Participar na análise de necesidades educativas en relación á orientación persoal.
2. Redactar o programa dacuerdo coas directrices establecidas pola CCP e as aportacións dos distintos titores.
3. Sensibilización da comunidade educativa da necesidade de desenvolverlo.
4. Favorecer a participación de todos os membros da comunidade educativa.
5. Formación inicial e continua aos profesores e titores sobre as necesidades detectadas á hora de implantalo ou de aquelas que van surxindo durante a implementación.
6. Asesoramento e apoio aos profesores e titores nos aspectos de maior "responsabilidade" que haxa que desenvolver durante o proceso de enseñanza-aprendizaxe (distribución de espazos, tempos e grupos dentro da aula, principios metodolóxicos en que basarse, deseño de actividades, principios da avaliación,

desenvolvemento dos obxectivos e competencias básicas, detección de posibles problemas ou necesidades,...).

7. Coordinar as diferentes actuacións e actividades do programa.

8. Proporcionarlles recursos para desenvolver as diferentes actividades do programa.

9. Intervención directa en actividades concretas dirixidas aos alumnos:

- Avaliación psicopedagógica.
- Actividades de carácter especializado.
- Actividades dirixidas ás familias, para facilitar a súa colaboración e implicación na educación dos seus fillos.

10. Participar na avaliación en todas as súas fases.

**6. EVALUACIÓN E SEGUIMENTO.**

Unha vez desenvolvido é preciso evaluálo, para elo compre apoiarnos nos criterios de avaliación anteriormente sinalados.

Esta avaliación non só é preciso realizala ao finalizar o programa, senon tamén durante a implementación do mesmo, e se debe dirixir tanto ao proceso de aprendizaxe como ao de enseñanza.

Algúns instrumentos que podemos utilizar son: cuestionarios, entrevistas, observación, protocolos, análise de tarefas,...

Os procedimentos que podemos utilizar son: a autoavaliación e a coavaliación.

Os responsables da avaliación son todos os que interveñen de forma directa: profesores, titores, alumnos e xefe de estudos, departamento de orientación. Y entre los agentes externos: pais.

**7. CONCLUSIÓN:**

As Habilidades Sociales, según Pelechano, son aquelas que nos permiten interactuar co mundo social e personal; e tendo en conta que os seres humanos ante todo somos seres sociais, resulta esencial a promoción deste tipo de habilidades adaptativas desde a escuela. Cumprindo así cun dos 4 pilares básicos da educación, según a UNESCO, aprender a convivir.

**B. Programa de HHSS para o alumnado suspendido temporalmente no seu**

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada


**dereito de asistencia ao centro.**

1. XUSTIFICACIÓN:

As HHSS son definidas por Pelechano como "aquelas que nos permiten habérnoslas co mundo persoal e social", o que da unha idea da importancia de promovelas desde a institución escolar.

Compre ter en conta tamén que aprender a convivir, constitúe un dos 4 pilares básicos da educación (sinalados pola UNESCO). Uns pilares básicos recollidos pola LOE (2006) ao plantexar as competencias básicas como elemento prescriptivo do sistema educativo.

Unha vez deixada constancia da importancia das HHSS, compre recordar que estas son adquiridas a través de pautas de aprendizaxe social, tal e como sinalaba Bandura; aspecto que se debe ter en conta no apartado da metodoloxía.

Resulta especialmente importante a promoción destas HHSS para aqueles alumnos/as que manifestan un comportamento disruptivo constante e inaceptable, e cos que o resto de medidas correctivas non tiveron éxito, motivo polo cal foron privados do seu dereito a asistencia ao centro.

2. MARCO LEGAL:

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación que establece o novo marco no que se van desenvolver todas as accións educativas, incluída a orientación. Polo que a través das nosas actuacións contribuiremos a garantir os principios básicos da devandita lei: Educación de calidade, Equidade no seu reparto e Esforzo compartido por toda a comunidade educativa.

Decreto 120/ 98 do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 27/4/98).

Orde do 24/ 7/ 98 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 31/ 7/ 98).

Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de Convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

 Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES:

Situámonos no I.E.S. "Val do Asma" de Chantada, na zona da interior da província de Lugo onde predominan o sector primario. O nivel socio-económico da zona é medio-alto, tasa de ocupación elevada, destacando a gandería e a viticultura como principal actividade económica. Entre a poboación, destaca un número importante de familias inmigrantes procedentes do estranxeiro.

Podemos considerar que estamos ubicados nun entorno máis ben tranquilo, onde non son alarmantes os problemas de seguridade e marxinación.

No I.E.S., impártense:

- Educación Secundaria Obrigatoria
- Bacharelato.
- Formación Profesional Básica.
- Ciclos Formativos de Grao Medio e Grao Superior
- FP DUAL

O claustro de profesores está constituído por 50 persoas, entre elas unha mestra de Pedagoxía Terapéutica e unha orientadora. O alumnado que recibimos procede do CEIP "Xosé Luis Taboada" e do CEIP "Eloísa Rivadulla", polo tanto do Concello de Carballedo e do propio Concello de Chantada.

A descrición e as características do noso instituto están desenvolvidas de forma exhaustiva no P.E.C. Para un maior coñecemento do noso centro cómpre remitirse ao devandito documento que trata sobre: descrición do alumnado, familias, persoal docente e non docente, contorno social, estructura e instalacións, actividades co alumnado e familias, relacións, oferta educativa... Se ven resultará máis operativo acudir a PXA.

Diagnose do estado actual da convivencia no centro

Da valoración da convivencia, fruto da avaliación levada a cabo dende os diferentes sectores da comunidade educativa, puidose extraer as seguintes conclusións:

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

O clima de convivencia existente é considerado, en xeral, bó. Non se observan serios problemas, aparecendo, de forma esporádica, algún conflito, sobre todo no primeiro Ciclo da ESO, relacionado con: desobediencia, faltas de respecto, insultos, alteración da dinámica das clases,... Consideramos que son casos illados aqueles nos que precisamos tomar medidas severas.

(Os resultados da avaliación realizada por parte dos diferentes sectores da comunidade educativa están recollidos no PCE)

Gustaríame destacar que tenemos un importante número de alumnos/as diagnosticados con TDAH, algún dos cales manifesta de fora continua condutas disruptivas leves.

Respostas do centro a estas situacións

Polo xeral, o profesorado intenta solucionar, co alumnado implicado, os pequenos conflitos que se xeneran na aula. Só, en casos necesarios, solicítase o apoio do Equipo directivo que á vez ponse en contacto co Departamento de Orientación para coordinar a resposta educativa máis adecuada para solucionar o conflito.

As estratexias educativas, que fundamentalmente aplicamos son: o diálogo, a petición de disculpas e o compromiso aceptado por cada unha das partes implicadas, así como, algunha medida disciplinaria de carácter menor como pode ser: parte de incidencias (o procedemento a seguir está establecido no NOF), pequenos castigos,... As situacións particulares que afectan á convivencia e resolución de conflitos, temos por costume comentala coa familia e implicala na súa resolución.

Compre destacar que o curso pasado o centro desenvolveu, dentro dos Contatos-Programa, o de Mellora da Convivencia e Promoción da Igualdade nos centros. De modo que, co alumnado de 1º ESO, se levou a cabo un Programa de Mediación. No curso 2017-2018 solicitamos continuar con dito Contrato-Programa.

Entre as medidas máis severas que podemos aplicar, en algún caso, son: expulsión ou apertura de expediente disciplinario.

Avda Monforte s/n 27500 • tfno: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

Temos que explicitar que son aspectos contemprados no noso N.O.F.

Aínda que os problemas de convivencia son escasos, si é certo que a obrigatoriedade de escolarización ata os 16 anos trouxo consigo a presenza nas nosas aulas dun sector de alumnado que non se habitúa ás actuais exixencias educativas, xerando, ás veces, conflitos e frustraccións que nos levou, neste curso a reflexionar sobre a necesidade de deseñar e implementar algún plan de actuación que redunde nunha mellora do clima de convivencia nas aula e no propio centro, motivo polo que trataremos de aplicar o Programa de Mediación co alumando de 1º e 2º ESO (algo que resultaría máis sinxelo se fose concedido dito Contrato-Programa).

Relación coas familias e a comunidade

A relación coas familias é, en xeral, satisfactoria. Cómpre destacar a continua afluencia de pais-nais en hora de titorías.

Experiencias de convivencia levadas a cabo no centro ao longo do curso

- Comentario sobre Dereitos e Deberes do alumnado recollidos no NOF. Esto fíxose a inicio de curso na hora de titoría.
- Elaboración de normas de convivencia na aula. Na titoría de alumn@s nunha das primeiras semanas de curso.
- Aplicación de Sociogramas en algún aula onde se detectaron certos problemas de disciplina, alumnado illado ou rexeitado,...
- Conmemoración do "Día contra a violencia de Xénero", "Día dos Dereitos Humanos" e o "Día da Paz".
- Programa de Mediación para alumnado de 1º e 2º de ESO.
- Reunión de Equipo de profesores, Equipo directivo e Departamento de Orientación para buscar estratexias específicas para solucionar algún conflito de aula.
- Coordinación-colaboración con Servizos Sociais, sanitarios, etc.

Necesidades de formación

Consideramos necesario introducir a formación permanente do profesorado, familias e alumnado en temas relacionados coa resolución de conflitos.

Se ben e certo que no curso 2016-2017 iniciose a formación do alumnado de 1º ESO e dalgún profesado no campo de mediación escolar, consideramos necesario manter e incrementar actuacións como estas.

4. DESEÑO DO PROGRAMA:

a. OBXECTIVOS:

*Alumnado*

▪ Propiciar a aprendizaxe e práctica de valores, actitudes e comportamentos propios dunha cidadanía democrática.

▪ Favorecer a cohesión e o diálogo para a resolución pacífica de conflitos.

▪ Facilitar a aprendizaxe e a integración escolar de tódolos alumnos/as.

▪ Aprender a convivir en grupo favorecendo o respecto, colaboración e axuda.

▪ Implementar valores e habilidades sociais que ensinen como resolver conflitos de modo non violento.

▪ Desenvolver a capacidade de empatía.

▪ Evitar pensamentos negativos que conduzan a situacións conflitivas.

▪ Promover o comportamento asertivo.

*Profesorado-familia-demáis membros da comunidade educativa*

▪ Fomentar vínculos de cooperación como medio favorecedor da resolución de conflitos.

▪ Fortalecer a competencia en aspectos de convivencia.

▪ Promover o diálogo, a responsabilidade e o compromiso como estratexia de resolución de conflitos.

b. BLOQUES DE CONTIDOS: divididos por cursos da ESO.

Os bloques de contidos deste programa seleccionáronse de entre os previstos para o Programa Base de HHSS. Estes son os seguintes:

- AUTOESTIMA.

- ASERTIVIDADE.

- CONTROL EMOCIONAL.

- EMPATÍA.

- MODIFICACIÓN DE PENSAMENTOS NEGATIVOS.

- TOLERANCIA E COOPERACIÓN.

Estes son os mesmos contidos que traballamos co Programa de HHSS para alumnado da aula de atención educativa e convivencia, pero cun maior grado de profundidade.

c. ASPECTOS METODOLÓXICOS:

A línea de traballo que deberíamos levar a cabo ríxese pola elaboración conxunta de materiais para a titoría, actualmente contamos con un amplo dossier de actividades para a E.S.O., que servirán como punto de partida. Tendo en conta a particularidade de que este programa diséñase para o alumnado que está suspendido de asistencia ao centro, o que ten unha serie de particularidades, que debemos te ren conta ahora de diseñar as actividades que conforma o programa.

